

CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Jaime Pita Varela

CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Celso Currás Fernández

CONSELLEIRO DE POLÍTICA AGROALIMENTARIA
E DESENVOLVEMENTO RURAL
José Antonio Santiso Miramontes

SECRETARIO XERAL DA CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA,
RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Pablo Figueroa Dorrego

DIRECTOR XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA
Jesús Pablo González Moreiras

DIRECTOR XERAL DE PLANIFICACIÓN
E DESENVOLVEMENTO COMARCAL
José Jesús Cudeiro Mazaira

COORDINADORES DO PROXECTO TOPONIMIA DE GALICIA
Xermán García Cancela, secretario da Comisión de Toponimia
Manuel Gallego Priego, xefe de área do SITGA
Fernando García Pazos, coordinador do proxecto no SITGA

EDITA
Xunta de Galicia
Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais
e Administración Pública
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
Consellería de Política Agroalimentaria
e Desenvolvemento Rural

IMPRIME
Grafiber S.L.

DEPÓSITO LEGAL
C-000-2005

ÍNDICE

PRESENTACIÓN	5
LIMIAR	11
NOMENCLÁTOR DE GALICIA	13
O MANDATO LEGAL	17
A COMISIÓN DE TOPONIMIA	19
O PROCESO DE FIXACIÓN DA TOPONIMIA	25
PROXECTO TOPONIMIA DE GALICIA	35
PRESENTACIÓN, OBXECTIVOS E ORGANISMOS IMPLICADOS	37
MÉTODO DE TRABALLO	41
GRAO DE EXECUCIÓN DO PROXECTO	55
INICIATIVAS DO PROXECTO TOPONIMIA DE GALICIA	67
ANEXOS	69

PRESENTACIÓN

PRESENTACIÓN



Os nomes de lugar, os topónimos, van indisociablemente unidos ás vivencias das xentes que desde tempos moi primitivos da nosa historia poboaron as terras polas que agora outros transitamos.

Non podemos menos ca coincidir co profesor Moralejo Lasso, e tantos outros estudosos da nosa toponimia, en que o estudo da toponimia dun país, da orixe e significación dos nomes de lugar, de qué linguas saíron e qué pobos os impuxeron, é dun valor e unha importancia irrefutables, tanto para o coñecemento das épocas remotas da prehistoria e da protohistoria como para reforzar o coñecemento das épocas históricas e mellor coñecidas por outras fontes máis claras e abundantes.

Na historia dos nosos nomes de lugar, circunstancias de moi diverso signo fixeron que sufrisen transformacións que chegaron, por veces, a desvirtuar a esencia do seu significado e da súa procedencia, nun proceso semellante ao sufrido tamén pola patronimia e pola lingua común.

Hoxe, en que a nosa lingua, da man de institucións e organismos prestixiosos, recuperou en toda a súa dimensión o carácter de lingua de cultura, apta para todos os usos e finalidades, tamén no campo da toponimia podemos sertirnos orgullosos de termos acadado, a través do procedemento legal fixado nos comezos da Autonomía, o máximo nivel de depuración e de restitución das formas lexítimas dos nosos topónimos. E foi así, grazas ao impagable esforzo da Comisión de Toponimia, á que en nome do Goberno galego quero manifestar o meu máis profundo agradecemento polo labor realizado, particularmente, aos integrantes da Ponencia de Estudos, os profesores Rivas Quintas, Santamarina Fernández, Navaza Blanco, Palacio Sánchez e Méndez Fernández, que en centos de horas de traballo conduciron os traballos que levaron á edición do Nomenclátor.

Quero, igualmente, manifestar a intención da Xunta de Galicia de que o labor de recuperación da nosa toponimia en toda a súa extensión, incluída, pois, a microtoponimia, continúe, para o que seguiremos a apostar polo proxecto xa posto en marcha, baixo os auspicios da mesma comisión, que nos debe levar a salvar e pór en valor un patrimonio tan rico coma o que nós herdamos e temos a obriga moral de legar ás futuras xeracións, ao tempo que contribuiremos a modernizar os instrumentos para a xestión do territorio, da man das máis modernas técnicas cartográficas.

Manuel Fraga Iribarne

Presidente da Xunta de Galicia

Máis de vinte de anos de actividade da nosa Comisión de Toponimia deron os froitos proveitosos que ofrece ao público interesado o Nomenclátor de Galicia, recentemente editado pola Xunta de Galicia e que contén máis de corenta mil formas normalizadas, correspondentes a outros tantos topónimos que identifican os nosos núcleos de poboación.

Coa perspectiva dos anos transcorridos desde que a Lei de normalización lingüística trazara o camiño para a recuperación da forma auténtica e lexítima dos nosos topónimos cobra especial transcendencia o labor desenvolvido pola Comisión, máis tendo en conta que a fixación das formas oficiais foi acometida co rigor metodolóxico e científico que só poden ofrecer expertos coma os que durante estes anos integraron e integran a devandita comisión, algúns deles, por desgraza, xa desaparecidos. A todos eles manifesto a miña gratitude pola colaboración con esta consellería na execución do mandato legal de restitución e fixación das formas oficiais dos nosos topónimos.

Por outra banda, no ano 2000, a mesma Comisión foi indutora dun importante proxecto -o Proxecto Toponimia de Galicia- que nos ha levar, sen ningún xénero de dúbida, a establecer un catálogo da nosa microtoponimia sen parangón en ningún outro ámbito. Os resultados xa acadados e os que nun futuro próximo esperamos acadar fannos sentir seguros de que o vizoso patrimonio toponímico vai quedar preservado e de que os materiais cartográficos sobre Galicia han ser modélicos polo tratamento respectuoso e veraz da toponimia neles recollida.

Destas dúas realidades dá conta este informe que, como presidente da Comisión de Toponimia, teño o pracer de presentar.

Jaime Pita Varela

Conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais
e Administración Pública
e presidente da Comisión de Toponimia

LIMIAR

Este informe ofrece un balance da actividade desenvolvida en materia de toponimia, tanto no atinente á fixación da toponimia maior por parte da Comisión de Toponimia como aos resultados acadados ata a data no marco do Proxecto Toponimia de Galicia, que se veu desenvolvendo nos últimos cinco anos, co concurso da Administración autonómica e dun importante número de concellos.

A primeira parte describe o procedemento que se seguiu para a elaboración do Nomenclátor de Galicia, seguindo unha liña cronolóxica que vai da preautonomía, en que xa existiu unha Comisión de Toponimia que emitiu ditame sobre a toponimia de numerosos concellos, á actualidade, en que toda a toponimia foi revisada e fixada, aplicando o procedemento legalmente establecido.

É evidente que a elaboración do nomenclátor non sería posible sen a contribución, a través dun traballo riguroso e preciso, da Comisión de Toponimia. Por iso, este informe quere, modestamente, servir de recoñecemento ao seu labor de tantos anos, así como tamén ás persoas, bolseiras do Instituto da Lingua Galega na súa maior parte, que realizaron enquisas de campo para apoio dos ditames da Comisión.

Na segunda parte ofrécense datos relativos ao Proxecto de Toponimia de Galicia, impulsado pola mesma Comisión de Toponimia no ano 2000 para abordar a recolleita e elaboración dun thesaurus toponímico de Galicia que contribúa á salvagarda deste importante patrimonio inmaterial.

Descríbese a metodoloxía utilizada e ofrécense datos sobre o estado actual do proxecto, para dar unha perspectiva de conxunto do conseguido ata o momento e das posibilidades reais de completar o proceso de recolleita da microtoponimia nun prazo razoablemente curto.

A envergadura dun proxecto destas características supuxo a colaboración de moitas persoas e institucións. Neste sentido, é de xustiza facer aquí recoñecemento da contribución, ás veces desinteresada, de especialistas de distintas áreas (filoloxía; cartografía; informática; ...) para deseñar a metodoloxía e probar sobre o terreo a viabilidade das propostas que se ían considerando. Algunhas destas persoas estiveron nos inicios do proxecto e durante un tempo (Xosé Manuel Pérez Sardiña, Ana Ramos, María Xesús Regos, Xosé Ramón López Boullón, Marta López Macías, Ruth Vázquez, Xosé Manuel Otero); outras seguen vinculadas con el ou incorporáronse posteriormente (Vicente Feijóo; Óscar Castro; Sonia Santos; Irene García Tasende; Imma Serantes).

Merecen mención e recoñecemento os responsables -políticos e técnicos- de diversas institucións, que colaboraron na difusión do proxecto e apoiaron a súa realización, entre eles, persoal de servizos de normalización lingüística e dos servizos técnicos dos concellos, técnicos de emprego e, moi particularmente, os xerentes comarcais.

Finalmente, non se debe esquecer a colaboración tan importante das máis de cen persoas que realizan traballo de campo e que son a presenza máis tanxible do proxecto en tantos recunchos do territorio; nin a achega desinteresada de persoas e asociacións especialmente sensibles ante o perigo de perda de parte do noso patrimonio; nin, por suposto, a máis importante de todas, a dos centos de informantes, veciñas e veciños dos concellos en que se fixo ou se está a facer a recolleita da toponimia. Sen eles, memoria viva dos milleiros de nomes que queremos ver rexistrados, o proxecto perdería todo o seu sentido.

Os coordinadores do Proxecto Toponimia de Galicia

NOMENCL

NOMENCLÁTOR DE GALICIA



A publicación, no ano 2003, do *Nomenclátor de Galicia*, supuxo a culminación do proceso de fixación da toponimia oficial, derivado dun mandato normativo pero, sobre todo, do intenso traballo desenvolvido, durante máis de vinte anos, pola Comisión de Toponimia.

Nesta primeira parte queremos dar conta, pois, da actividade que levou á edición do *Nomenclátor*, nun contexto normativo que vén recoñecer a transcendencia da fixación da toponimia, tanto para corrixir as deturpacións sufridas historicamente polas formas dos topónimos como para salvar un patrimonio de enorme valor.

A normativa referida ocúpase, dunha banda, de crear o órgano asesor na materia, a Comisión de Toponimia, e de fixar as súas competencias e fun-

cións e, doutra, do procedemento que se seguirá para a fixación e recuperación da toponimia.

Verbo do primeiro dos aspectos, repasamos as dúas etapas, preautonómica e autonómica, en que o devandito órgano exerceu as súas competencias e, ademais, facemos relación das persoas que nalgún momento formaron e forman parte del.

En canto ao segundo, partindo do procedemento normativo establecido para a recuperación e fixación da toponimia, damos conta do método de traballo da Comisión e tamén dos criterios filolóxicos e lingüísticos aplicados, ao tempo que insistimos na necesidade de non dar por pechado o nomenclátor, pois algúns dos ditames han de ser, necesariamente, revistos, ben por suxestións recibidas de institucións e de particulares ou pola iniciativa da propia Comisión.

1. O MANDATO LEGAL

Está contido na **Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística**, que establece:

Artigo 10

1. Os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega.
2. Corresponde á Xunta de Galicia a determinación dos nomes oficiais dos municipios, dos territorios, dos núcleos de poboación, das vías de comunicación interurbanas e dos topónimos de Galicia. O nome das vías urbanas será determinado polo Concello correspondente.
3. Estas denominacións son as legais a tódolos efectos e a rotulación terá que concordar con elas. A Xunta de Galicia regulará a normalización da rotulación pública respectando en todos os casos as normas internacionais que subscriba o Estado.

Como se pode comprobar, o precepto da nosa LNL non pode ser máis explícito en canto á forma oficial que no futuro deberá adoptar a toponimia. Noutras comunidades autónomas con lingua propia cooficial o marco legal coincide co galego (caso de Cataluña e as Illes Balears) ou diverxe (País Vasco, Comunidade Valenciana), ao acoller a posibilidade de denominacións bilingües.

Este precepto legal supuxo o arranque dos traballos da Comisión de Toponimia, aínda que, como veremos no punto seguinte, xa en fase preautonómica se creara unha Comisión de Toponimia, que abordara a revisión da toponimia dun importante número de concellos (72, en concreto).

2. A COMISIÓN DE TOPONIMIA

2.1. FASE PREAUTONÓMICA [1979-1982]

Nesta fase, o Decreto 42/1979, do 21 de setembro, crea a Comisión de Toponimia na Consellería de Educación e Cultura da Xunta de Galicia.

Atendendo á exposición dos motivos, a creación desta Comisión deriva nese momento da facultade que o Real decreto lei 14/1978, do 13 de febreiro, lle transfere á Xunta de Galicia de alterar os nomes e capitalidades dos municipios; e da que o Real decreto 1710/1979, do 16 de xuño, lles atribúe aos concellos para modificaren os nomes das rúas, prazas e parques de conxuntos urbanos.

En ambos os casos se exige o informe preceptivo favorable “dun Organismo Lingüístico Rexional de carácter oficial ou, no seu defecto, de recoñecido prestixio, para os cambios de denominación ás linguas vernáculas.”

O artigo primeiro crea a Comisión de Toponimia, como órgano da Xunta de Galicia, adscrita organicamente á Consellería de Educación e Cultura, para a normalización da toponimia en Galicia.

Os artigos segundo e terceiro establecen como competencias desta comisión, entre outras:

- Emitir os ditames que soliciten as corporacións locais para os cambios de denominación á lingua galega ou correccións ortográficas de nomes nos municipios, así como de rúas, prazas e parques de conxuntos urbanos.

- Emitir ditame oficial sobre as denominacións en lingua galega que teñen que figurar no material cartográfico referente a Galicia.

O artigo cuarto establece que a Comisión de Toponimia estará integrada por especialistas en filoloxía, xeografía, historia, paleografía e cartografía, aplicadas á lingua e cultura galegas.

En desenvolvemento deste artigo, ditouse a Orde 17/1979, do 21 de setembro, pola que se nomean os membros da Comisión de Toponimia da Consellería de Educación e Cultura.

A composición que establecía a devandita orde era a seguinte:

PRESIDENTE	José Fernando Filgueira Valverde
VICEPRESIDENTE	Antonio Fraguas Fraguas
SECRETARIO	Antón Santamarina Fernández

VOGAIS	Ricardo Carballo Calero
	Ramón Martínez López
	José Luis Rodríguez Fernández
	Isidoro Millán González-Pardo
	José Luis Pensado Tomé
	Manuel Vidán Torreira
	Manuel Lucas Álvarez
	Abelardo Moralejo Laso
	Antonio Gil Merino
	Francisco Javier Ríó Barja
	Ramón Lorenzo Martínez
	Amando Losada Díaz

Con posterioridade á creación da Comisión incorporáronse:

José Ramón Cólera Leirado, en representación da Consellería de Administración Local.

José Luis Blanco Fernández, como director do Observatorio Estatístico Rexional.

Froito do traballo da Comisión de Toponimia editáronse, entre xullo de 1980 e o verán de 1982, sete cadernos que recollen a revisión da toponimia de 72 concellos.

Moitos destes ditames mantivéronse como válidos na fixación realizada a partir de 1984, mentres que outros foron revisados.

2.2. FASE AUTONÓMICA [A PARTIR DE 1984]

O precepto legal sentado na Lei de normalización lingüística ten como primeira norma de desenvolvemento, no ano 1984, o Decreto 43/1984, do 23 de marzo, polo que se regulan as funcións e a composición da Comisión de Toponimia (DOG do 31.03.1984).

No preámbulo do decreto alúdese ao funcionamento da Comisión na fase preautonómica e establécese que “novas circunstancias, que teñen a súa orixe no propio Estatuto de Autonomía de Galicia, aconsellan regulamentar novamente tal comisión, adaptándoa ás esixencias culturais e mesmo legais de hoxe. Efectivamente, a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística, establece no seu artigo 10 que «os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega». O mesmo artigo dispón que lle «corresponde á Xunta de Galicia a determinación dos nomes oficiais dos municipios, dos territorios, dos núcleos de poboación, das vías de comunicación interurbana e dos topónimos de Galicia». Estes mandatos e estas previsións legais aconsellan, pois, unha remodelación da Comisión, tanto no que se refire á súa adscrición orgánica como no que lle cómpre na súa composición e no funcionamento e métodos de traballo.”



Previamente, o Decreto 249/1983, do 24 de novembro, adscribira a Comisión de Toponimia á Secretaría Xeral Técnica da Consellería da Presidencia e previa que a súa composición e as súas funcións se determinarían regulamentariamente.

Tamén establece o preámbulo que a Comisión se crea para afrontar “a urxente tarefa de volver á súa forma enxebre a riqueza toponímica de Galicia, liberándoa

de deturpacións ou desaxeitadas grafías impostas polo olvido, ou pola ignorancia, ou polo descoñecemento do noso patrimonio cultural e lingüístico”.

O decreto foi modificado en 1998 para adaptar a composición da Comisión aos cambios producidos na estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

Reproducímolo, integramente, a seguir:

Decreto 174/1998, do 5 de xuño, polo que se modifica o Decreto 43/1984, do 23 de marzo, polo que se regulan as funcións e a composición da Comisión de Toponimia (DOG do 22.06.1998)

A Comisión de Toponimia, creada polo Decreto 42/1979, do 21 de setembro, como órgano para a normalización da toponimia de Galicia foi regulada, no que se refire á súa composición e funcións, polo Decreto 43/1984, do 23 de marzo, que regulou as funcións e a composición da Comisión de Toponimia para adaptala ás esixencias culturais e legais daquel momento.

Do mesmo xeito, regúlanse agora a composición e funcións da Comisión de Toponimia, co fin de adaptalas ás novas necesidades tanto culturais como legais, así como á nova estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

Polo tanto, por proposta do conselleiro da Presidencia e Administración Pública e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día cinco de xuño de mil novecentos noventa e oito,

DISPOÑO:

Artigo 1º

A Comisión de Toponimia é o órgano de estudo, asesoramento e consulta da Xunta de Galicia para a determinación dos nomes oficiais da toponimia galega e para evacuar as consultas que sexan necesarias con tal fin.

A Comisión de Toponimia, que presidirá o conselleiro da Presidencia e Administración Pública, queda adscrita á Secretaría Xeral da Consellería da Presidencia e Administración Pública, que lle prestará o apoio preciso para o desenvolvemento das súas funcións.

Artigo 2º

A Comisión de Toponimia funcionará en Pleno e en Ponencia de Estudos.

Artigo 3º

1. O Pleno da Comisión estará integrado polos seguintes membros:

- a) Presidente: o conselleiro da Presidencia e Administración Pública.
- b) Vicepresidente primeiro: o secretario xeral da Consellería da Presidencia e Administración Pública ou persoa na que delegue.

c) Vicepresidente segundo: o director xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou persoa na que delegue.

d) Vogais natos:

-O director xeral da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais con competencias en materia de Administración local ou persoa na que delegue.

-O director xeral da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, con competencias en materia de cartografía ou persoa na que delegue.

-O secretario xeral de Planificación e Desenvolvemento Comarcal ou persoa na que delegue.

-O director do Instituto Galego de Estatística, ou persoa na que delegue.

e) Vogais representativos:

-Un representante do Consello da Cultura Galega.

-Un representante da Real Academia Galega.

-Un representante do Instituto da Lingua Galega.

-Un representante do Instituto Padre Sarmiento.

-Un representante da Facultade de Xeografía e Historia.

f) Vogais de libre designación: seis expertos sobre toponimia e lingua galega, que serán nomeados polo conselleiro da Presidencia e Administración Pública entre persoas de recoñecido prestixio.

g) Secretario, con voz e sen voto, que será un funcionario da Consellería da Presidencia e Administración Pública, designado polo conselleiro da Presidencia e Administración Pública ou un dos vogais de libre designación.

2. Os vogais representativos serán nomeados polo conselleiro da Presidencia e Administración Pública de entre unha terna proposta polas corporacións ou institucións que representen.

Artigo 4º

A Ponencia de Estudos estará composta polos vogais de libre designación e ás súas sesións, para os efectos de coordinación e asistencia material, asistirá o secretario xeral da Consellería da Presidencia, que convocará as reunións, ou o funcionario en que este delegue.

Artigo 5º

1. O Pleno é o órgano competente para evacuar as consultas que se lle soliciten á Comisión e o obxecto das súas deliberacións será, salvadas circunstancias excepcionais que decida o presidente, o material preparado pola Ponencia de Estudos.

2. O Pleno reunirse cantas veces sexa necesario, por convocatoria do secretario, para ditaminar sobre os topónimos propostos pola Ponencia de Estudos.

Artigo 6º

1. A Ponencia de Estudos reunirse cantas veces sexa preciso para realizar o seu traballo e poderá ser convocada para varias sesións consecutivas nun único chamamento.

2. As propostas da Ponencia serán trasladadas ao Pleno para o ditame definitivo.

Artigo 7º

As convocatorias do Pleno e da Comisión comunicaránselle ao Delegado do Instituto Xeográfico Nacional de España en Galicia, por se quixese asistir como vogal.

Disposición adicional

Os membros da Comisión que á entrada en vigor deste decreto desempeñan as súas funcións continuarán exercendo sen necesidade de novo nomeamento.

Disposición derogatoria

Queda derogado o Decreto 43/1984, do 23 de marzo, polo que se regulan as funcións e a composición da Comisión de Toponimia (DOG nº 64, do 31 de marzo de 1984).

Disposicións derradeiras

Primeira.- Queda autorizado o conselleiro da Presidencia e Administración Pública para ditar as disposicións que sexan precisas para o cumprimento deste decreto.

Segunda.- O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, cinco de xuño de mil novecentos noventa e oito.

Manuel Fraga Iribarne

Presidente

Dositeo Rodríguez Rodríguez

Conseleiro da Presidencia e Administración Pública

Composición da Comisión de Toponimia**PRESIDENTE:**

O conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública.

En virtude desta representación a Comisión de Toponimia foi presidida, nos períodos que se indican, polas seguintes persoas:

- 1984-1986: José Luis Barreiro Rivas
- 1986-1987: Manuel Ángel Villanueva Cendón
- 1987-1990: Pablo González Mariñas
- 1990-1999: Dositeo Rodríguez Rodríguez
- 1999- : Jaime Pita Varela

VICEPRESIDENTES:

Primeiro: o secretario xeral da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública ou persoa en que delegue.

A vicepresidencia primeira foi exercida, en virtude desta representación, nos períodos que se indican, polas seguintes persoas:

- 1984-1986: José Antonio García Cotarelo
- 1986-1987: José Antonio Sangil Noya
- 1987-1990: Jesús Fernández Jiménez
- 1990-1993: Jesús Vázquez San Luis
- 1993- : Pablo Figueroa Dorrego

Segundo: o director xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou persoa en que delegue.

A vicepresidencia segunda foi exercida, en virtude desta representación, nos períodos que se indican, polas seguintes persoas:

- 1984-1986: Paz Lamela Vilariño
- 1986-1987: Manuel Taboada Cid
- 1987-1989: Adolfo de Abel Vilela
- 1989-2000: Manuel Regueiro Tenreiro
- 2000- : Jesús Pablo González Moreiras

VOGAIS NATOS:

O director xeral da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais con competencias en materia de Administración local ou persoa en que delegue.

O director xeral da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda con competencias en materia de cartografía ou persoa en que delegue.

O secretario xeral de Planificación e Desenvolvemento Comarcal ou persoa en que delegue (actualmente, o director xeral de Planificación e Desenvolvemento Comarcal, da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural).

O director do Instituto Galego de Estatística, ou persoa en que delegue.

VOGAIS REPRESENTATIVOS (facemos mención aos membros actuais e tamén aos que exerceron a súa representación nalgún outro momento):

En representación do Consello da Cultura Galega:

Ramón Lorenzo Vázquez (Orde do 5.06.84. DOG do 13.06.84)

En representación da Real Academia Galega:

Antonio Gil Merino (Orde do 5.06.84. Cesou por Orde do 22.05.90)

Xosé Luis Pensado Tomé (Orde do 22.05.90. DOG do 29.05.90. Ata o seu falecemento en 2000).

Vacante actualmente

En representación do Instituto da Lingua Galega:

Xosé Fernando Filgueira Valverde (Orde do 5.06.84. DOG do 13.06.84. Ata o seu falecemento en 1996)

Vacante actualmente

En representación do Instituto Padre Sarmiento:

Ángel Rodríguez González (Orde do 5.06.84. DOG do 13.06.84)

En representación da Facultade de Xeografía e Historia da USC:

Manuel Lucas Álvarez (Orde do 5.06.84. DOG do 13.06.84)

VOGAIS DE LIBRE DESIGNACIÓN (constitúen, ademais, a denominada Ponencia de Estudos):

Isidoro Millán González-Pardo (Orde do 5.06.84. DOG do 13.06.84. Ata o seu falecemento en 2002)

Xosé Antón Palacio Sánchez (Orde do 5.06.84. DOG do 13.06.84)

Xosé Luis Pensado Tomé (Orde do 5.06.84. Ata o seu nomeamento como representante da Real Academia Galega en 1990).

Augusto Pérez Alberti (Orde do 5.06.84. DOG do 13.06.84. Cesou por Orde do 22.06.90)

Elixio Rivas Quintas (Orde do 5.06.84. DOG do 13.06.84)

Antón Santamarina Fernández (Orde do 5.06.84. DOG do 13.06.84)

Gonzalo Navaza Blanco (Orde do 22.05.90. DOG do 29.05.90)

Xosé Antón Fernández Salgado (Orde do 22.05.90. DOG do 29.05.90. Cesou por Orde do 22.03.1993)

María Luz Méndez Fernández (Orde do 22.03.1993. DOG do 31.03.93)

SECRETARÍA DA COMISIÓN:

Pilar Barros Barros, xefa do Servizo de Tradución da Consellería da Presidencia e Administración Pública (1984-1996)

Xermán García Cancela, xefe do Servizo de Tradución da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública (1996-)

(Nota: Sinálanse en negriña-cursiva os membros actuais)

3. O PROCESO DE FIXACIÓN DA TOPONIMIA

En desenvolvemento do art. 10 da Lei de normalización lingüística promulgouse a norma que reproducimos a seguir:

Decreto 132/1984, do 6 de setembro, polo que se establece o procedemento para a fixación ou recuperación da toponimia de Galicia (DOG do 21.09.1984).

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, ao considerar a lingua como núcleo vital da identidade galega, estende a súa preocupación a todos os sectores que padeceron un proceso de despersonalización lingüística, e neste sentido dispón no seu artigo 10, que «os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega». Non podía menos de ser así porque a toponimia forma parte esencial do patrimonio dun pobo ao tempo que fai patente a orixe ou as vicisitudes do decorrer histórico dos seus asentamentos humanos.

En tal decorrer histórico hai que ter ben presentes as circunstancias que acompañaron á nosa fala, que perdeu o seu carácter de lingua culta ao se iniciar a Idade Moderna e que, en consecuencia, estivo falta desde esas datas de patróns lingüísticos propios que asegurasen a conservación do seu patrimonio cultural, proceso este que tamén sufriron os propios nomes dos seus lugares habitados, non só por carecer dunha ortografía fixada, senón tamén por sufrir o influxo do centralismo lingüístico e do descoñecemento da nosa realidade polos poderes públicos, mesmo os galegos.

Cómpre, polo tanto, facer un esforzo de recuperación, fixación e conservación da toponimia galega. Conscientes de tal realidade, os lexisladores estableceron no artigo 10.2 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, que «corresponde á Xunta de Galicia a determinación dos nomes oficiais dos municipios, dos territorios, dos núcleos de

poboación, das vías de comunicación interurbanas e dos topónimos de Galicia». Esta previsión legal esixe, non obstante, un desenvolvemento regulamentario, que debe ter en conta, principalmente, tres aspectos: o primeiro, a distribución de competencias entre os diversos órganos da Xunta de Galicia, entendida no artigo 10 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, como Administración autónoma galega; o segundo, a distinta importancia administrativa que cómpre atribuír aos distintos topónimos, principalmente aos nomes dos concellos, das capitais dos mesmos e, polo rango que lles confire o Estatuto, aos nomes das comarcas e das parroquias rurais; o terceiro, os distintos procedementos e as garantías que se deben adoptar en cada caso.

En todos os casos a norma pretende, como xa se dixo, recuperar, fixar e conservar a toponimia galega. Pero dedica unha máis minuciosa regulación no suposto dos nomes dos concellos e das súas capitais, non só pola importancia e pola intensidade oficial do seu uso, senón pola urxencia que nalgúns destes casos hai de normalizar as denominacións tradicionais, eliminando os malos usos que unha desafortunada actuación oficial foi impoñendo en épocas pasadas. Ademais, nestes casos a norma vén clarificar a situación xa que os supostos que se contemplan non son os de cambio de nome, previstos na lexislación de Administración local, senón os de recuperación ou de fixación ortográfica duns nomes que por diversas circunstancias perderon ou viron desvirtuada ao longo do tempo a súa propia forma ou a correcta transcripción cando a lingua dun pobo busca a súa normalización en todas as manifestacións colectivas.

Polo tanto, a proposta do conselleiro da Presidencia e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día seis de setembro de mil novecentos oitenta e catro,

DISPOÑO:

Artigo 1.º

A potestade de fixar a toponimia galega, que lle corresponde á Xunta de Galicia conforme o disposto no artigo 10 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, exercerase conforme o establecido no presente decreto.

Artigo 2.º

1. Correspóndelle ao Consello da Xunta de Galicia a determinación, por medio de decreto, dos nomes oficiais dos concellos e das súas capitais, das parroquias e das comarcas.
2. O resto dos topónimos a que fai referencia o artigo 10.2 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, serán fixados por orde da Consellería da Presidencia, coa excepción das vías urbanas, competencia que é propia dos concellos.
3. Nos dous casos previstos neste artigo será preceptivo o ditame da Comisión da Toponimia, regulada polo Decreto 43/1984, do 23 de marzo.

Artigo 3.º

1. Os expedientes de recuperación ou fixación de topónimos iniciaranse por decisión do conselleiro da Presidencia, a iniciativa propia ou da entidade local interesada, e no mesmo acto de iniciación recabarase ditame da Comisión de Toponimia.
2. A Comisión de Toponimia deberá evacuar o seu ditame no prazo dun mes contado desde o día seguinte de recibir a petición, no caso de que se trate dun nome de concello ou da súa capital. Nos outros casos, o prazo será de dous meses.
3. En exposición razoada, a Comisión poderá solicitar do conselleiro da Presidencia a ampliación do prazo polo tempo que estime conveniente, tanto por mor de lograr un mellor estudo do caso como por axustar o seu ritmo de traballo aos plans que a mesma Comisión teña elaborados.

Artigo 4.º

A Comisión de Toponimia, conforme os estudos realizados en cumprimento dos seus plans de traballo, poderá solicitar do conselleiro da Presidencia que adopte as resolucións correspondentes mediante orde ou, de ser preceptivo, que eleve a proposta ao Consello para a aprobación do correspondente decreto.

Artigo 5.º

No prazo dun mes, contado desde a recepción do ditame da Comisión de Toponimia ou desde a proposta que ela faga conforme o artigo 4.º, o conselleiro da Presidencia deberá ditar a correspondente orde ou elevar o asunto a Consello da Xunta de Galicia para decisión.

Artigo 6.º

1. O Consello da Xunta de Galicia ou a orde do conselleiro da Presidencia resolven definitivamente, cada un no ámbito da súa

competencia, os expedientes de recuperación ou fixación de topónimos.

2. No caso de que o Consello da Xunta de Galicia ou o conselleiro da Presidencia, cada un no ámbito da súa competencia, non estean conformes co ditame da Comisión de Toponimia, acordárase novo estudo do expediente, no que neste caso deberá ser oída a corporación local interesada con independencia de que o expediente poida ser sometido a información pública.

Artigo 7.º

1. Cando se dea audiencia no expediente a unha corporación local, esta deberá adoptar en pleno o acordo que estime procedente, e na acta correspondente deberán constar, se os houber, os votos particulares dos seus membros.
2. A corporación local deberá expresar o seu acordo no prazo dun mes contado dende o día en que reciba a petición e, en caso de que non se pronunciase, o expediente seguirá a súa tramitación sen máis impedimentos.

Artigo 8.º

En calquera caso, no prazo de tres meses despois de recibir o segundo ditame da Comisión de Toponimia, ou de seis meses contados desde que se lle concedese audiencia á corporación local interesada, deberá ser adoptado o decreto ou a orde correspondente.

Disposición adicional primeira

Con independencia da publicación dos decretos e as ordes correspondentes no Diario Oficial de Galicia, a Consellería da Presidencia publicará anualmente, en publicación unitaria ou fascicular, os nomes fixados e tal publicación terá, para todos os efectos, carácter oficial.

Disposición adicional segunda

Da resolución dos expedientes de recuperación ou fixación de topónimos que figuran no Nomenclátor Oficial de España darase conta, debidamente circunstanciada, aos organismos correspondentes.

As comunicacións faranse pola vía regulamentaria apropiada para que se poidan realizar as oportunas correccións.

Disposición derradeira primeira

Autorízase o conselleiro da Presidencia para ditar as normas necesarias para a aplicación e o cumprimento do presente decreto.

Disposición derradeira segunda

O presente decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, seis de setembro de mil novecentos oitenta e catro

Gerardo Fernández Albor
Presidente

José Luis Barreiro Rivas
Conselleiro da Presidencia

Este decreto é, pois, o soporte normativo da actividade desenvolvida ata a data pola Comisión de Toponimia. Dos aspectos normativos que recolle, cómpre salientar:

- a) trátase dun procedemento encamiñado á recuperación, fixación e conservación da toponimia galega, non aos cambios de denominación que prevé a lexislación de réxime local. Por tanto, a competencia que a este nivel ten a Xunta de Galicia non interfere nas competencias municipais.
- b) para a determinación dos nomes oficiais dos concellos e das parroquias cómpre decreto do Consello da Xunta
- c) para o resto dos topónimos abonda cunha orde da Consellería da Presidencia
- d) é preciso ditame da Comisión de Toponimia.

3.1. A ELABORACIÓN DOS DITAMES POR PARTE DA COMISIÓN DE TOPONIMIA

3.1.1. Punto de partida: o nomenclátor do Instituto Nacional de Estatística (INE)

O punto de partida dos traballos de revisión constitúe o *Nomenclátor* por provincias publicado polo INE con motivo da elaboración do censo de poboación. Este nomenclátor actualízase cada cinco anos e en cada nova edición recóllense, ademais dos cambios no padrón de habitantes, as variacións producidas nas denominacións das entidades de poboación, así como as altas e baixas destas. En función do momento en que a Comisión de Toponimia abordou a fixación da toponimia, as edicións que tivo en conta foron as de 1971, 1976, 1981, 1986, 1991 e 1996.

Partindo da información contida nas distintas edicións do *Nomenclátor* do INE, aplicáronse os seguintes criterios:


- A) Mantívose a estrutura en canto á distribución administrativa en concello, parroquia (concepto que

en Galicia se adapta ao que o INE denomina xenericamente *entidade colectiva de poboación*) e lugar ou aldea (que en Galicia vén materializando o concepto de *entidade singular de poboación*).

- B) No caso das parroquias, revisouse a inclusión ou non inclusión en casos en que datos doutras fontes (guías diocesanas, consultas coas autoridades civís ou eclesiásticas) ofrecían a certeza de poder efectuar o cambio.

A modo de exemplo, no concello de Cedeira, o *Nomenclátor* do INE inclúe *San Andrés de Teixido* como aldea da parroquia de Régoa (Santa María), mentres que no *Nomenclátor* da Xunta de Galicia se inclúe como parroquia, ditaminado como *Teixido (Santo André)*, dato corroborado tanto pola Guía diocesana de Mondoñedo-Ferrol como polo propio párroco.





C) Respecto das aldeas ou lugares, incorporáronse todos aqueles nomes que aparecen reflectidos nalgunha das edicións do nomenclátor, aínda que non o estean na última delas, baseándose, sobre todo, nas informacións recollidas en campo que daban conta da existencia de topónimos, vivos na fala, que aludían a entidades que os veciños percibían como diferenciadas. En moitos casos, estas denominacións aluden ao que o INE engloba no concepto de *diseminado* (edificacións ou vivendas dunha entidade singular de poboación que non poden ser incluídas no concepto de núcleo).

D) Ademais, e en relación co punto anterior, tivéronse en conta as variacións, por veces sorprendentes, producidas nas distintas edicións consultadas respecto da inclusión de determinadas entidades de poboación. Xa que logo, seguiuuse o criterio de incluír aquelas denominacións que seguen vivas e identifican núcleos habitados, por riba do criterio restritivo aplicado con frecuencia no *Nomenclátor* do INE, que recolle modificacións de núcleos, comunicadas polos concellos, que consisten na agrupación de varios núcleos baixo unha única denominación.

3.1.2. Traballo de campo


Como paso previo ao ditame por parte da Comisión de Toponimia, realizouse un traballo de campo para verificar os datos contidos no *Nomenclátor* do INE. Como se dixo no punto anterior, sobre esta base procedeuse á inclusión de máis topónimos, cando a información fornecida non ofrecía dúbidas respecto da súa identificación por parte dos seus habitantes. O obxectivo básico do traballo de campo foi, ademais de verificar o dato anterior, o de recoller información fiable sobre a forma que o topónimo rexistra na fala, así como toda aquela información escrita (rótulos, libros parroquiais, monografías sobre a fala de determinadas zonas,...) que resultase útil para o ditame da Comisión de Toponimia.

O traballo de campo avalou o criterio seguido pola Comisión (véxase o punto 3.1.7.) de respectar os topónimos nas súas variantes locais, por riba de calquera harmonización.

3.1.3. Proposta de ditame da Ponencia de Estudos

Con base no traballo de campo e co complemento de distintas fontes documentais, a Ponencia de Estudos elaborou as propostas de ditame para elevar ao Pleno da Comisión.

Entre as fontes documentais manexadas con máis frecuencia cómpre destacar distintas coleccións diplomáticas (Oseira, Celanova,...), para os séculos medievais, as *Memorias del Arzobispado de Santiago* (1607) do Cardeal Jerónimo del Hoyo, para o século XVII; o Catastro do Marqués de la Ensenada (1753) e outra documentación depositada no Arquivo do Reino de Galicia, para o século XVIII; o *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de ultramar* de Pascual Madoz (1845), para o século XIX; e para o século XX, entre outros, a *Geografía General del Reino de Galicia*, dirixida por Carreras y Candi; os nomenclátors diocesanos, editados polos correspondentes bispados e arcebispados; a cartografía 1:25.000 do



mediante decreto, mentres que o dos lugares foi fixado por orde da Consellería da Presidencia.

Este sistema seguiu de forma continuada durante varios anos con todos os concellos que ían sendo obxecto de ditame por parte da Comisión de Toponimia. Finalmente, unha vez rematada cada provincia, para unha maior sistematización, publicáronse agrupados en cadanseu decreto:

- Decreto 332/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o nomenclátor correspondente ás entidades de poboación da provincia de Ourense (DOG do 29.08.1996)
- Decreto 219/1998, do 2 de xullo, polo que se aproba o nomenclátor correspondente ás entidades de poboación da provincia de Pontevedra (DOG do 28.07.1998)
- Decreto 6/2000, do 7 de xaneiro, polo que se aproba o nomenclátor correspondente ás entidades de poboación da provincia de Lugo (DOG do 25.01.2000)


Instituto Xeográfico Nacional, e as distintas edicións do *Nomenclátor* do Instituto Nacional de Estadística.

3.1.4. Ditame do Pleno da Comisión de Toponimia

Con base no ditame previamente elaborado pola Ponencia de Estudos, o Pleno da Comisión elabora o ditame definitivo para elevar ao Consello da Xunta de Galicia, no caso dos concellos e das parroquias, ou á Consellería da Presidencia, no caso dos lugares, base, pola súa vez, para a norma de fixación correspondente.

3.1.5. Normas de promulgación: decretos e ordes

Conforme a normativa de aplicación, o nome dos concellos e das parroquias fixouse en todo caso



Decreto 189/2003, do 6 de febreiro, polo que se aproba o nomenclátor correspondente á entidades de poboación da provincia da Coruña (DOG do 25.03.2003)

3.1.6. O Nomenclátor de Galicia

Constitúe a publicación final, en forma de libro e de CD-rom, que recolle os datos de toda Galicia. Pode tamén consultarse na internet, no enderezo www.toponimia.xunta.es.



3.1.7. Criterios aplicados pola Comisión de Toponimia

Cumprindo o mandato normativo derivado do Decreto 132/1984, do 6 de setembro, polo que se establece o procedemento para a fixación ou recuperación da toponimia de Galicia, a Comisión de Toponimia emitiu ditame sobre todos os topónimos referidos a entidades de poboación. Para iso, atívose, en xeral, aos criterios enunciados a seguir, ben que, por mor da gran cantidade de formas analizadas e ditaminadas, poida detectarse algunha incongruencia que, en todo caso, pode ser revisada no futuro.

1. Como criterio xeral, respectouse o uso vivo actual na variante dialectal de cada lugar. Isto quere dicir que non se regularizaron os nomes para adaptalos ás escollos da normativa ortográfica e morfolóxica. Así, poden aparecer segundo as áreas, *Laxe* ou *Laxa*; *As Meáns* ou *As Meás*; *Gándara* ou *Gandra*, ou *Granda*; *A Gandariña* ou *A Grandiña*; *Brea* ou *Verea*; *Os Nabás* ou *Os Nabais*; *Vilameán* ou *Vilameá*; *Sabarís* ou *Sabariz*, *Baldarís* ou *Baldariz*, *A Cal* ou *O Cal*; *Chan*, *Chao* ou *Chá*; *Ramirás* ou *Ramirís*; *O Pacio* ou *O Pazo*; *Corredoira* ou *Corredoura*; *Catadoiro* ou *Cataduiro*; *Agua Levada*, *Agualevada*, *Augalevada*; *Agualada*, *Augalada*, *Agolada*, etc.

2. Cando para un mesmo lugar conviven na fala dous nomes que son variantes fonéticas, optouse, de modo case sistemático, pola forma máis etimolóxica e, se é un termo do vocabulario común, pola coincidente co galego estándar. Así, entre *Covelo/Cuvelo*, *Covela/Cuvela*; *A Peroxa/A Proxa*, *Pereira/Pireira/Preira* ou *Abelleira/Abilleira* preferiuse a primeira forma para a escrita, que, en todo caso, non elimina a posibilidade de varias realizacións fonéticas.

Aínda así, o peso da tradición escrita puido determinar a variante escollida, como ocorre en casos como *A Rigueira*, *Avieira* ou *Cotros*, documentados historicamente con esas formas (fronte a outros topónimos idénticos ditaminados como *A Regueira*, *Aveira* ou *Cótaros...*). A aplicación desta restrición do criterio pode levar, no futuro, á revisión dalgunhas formas que foron fixadas conforme a regra xeral.

3. Non se reproduce na grafía dos topónimo a gheada. En canto ao seseo, reproducíase cando está consolidado na tradición escrita (*Romarís*, *Sabarís*, *Arousa*), a menos que se trate de formas coincidentes co léxico común, como *A Cruz* e *A Foz*.

4. Nos casos, moi pouco frecuentes, en que a forma viva se recolle só baixo a forma deturpada por castellanismo, a Comisión atívose ás documentacións antigas para recuperar a forma histórica (*Pobra*), ou, se non achou documentación histórica sobre a variante

lexítima, propuxo a regaleguización conforme a forma correspondente do galego estándar. Así, para a forma **Iglesia*, cando non se documentou a forma galega esperada (*Eirexa, Eirexe, Airexe, Irexe,...*) propúxose a forma galega común *Igrexa*. Tamén se regaleguizaron outros castelanismos cando aínda conservan o seu valor apelativo: *Carretera* en *Estrada*; *Castillo* en *Castelo*; *Capilla* en *Capela*, etc.

Con todo, tamén neste caso, futuras revisións poden levar a documentar as formas tradicionais, que serían daquela as preferidas sobre a forma do galego común.

5. Desde o punto de vista ortográfico, o criterio da Comisión é a congruencia coas grafías históricas (etimolóxicas) do galego común: *Aciveiro, Covas, Erbedeiro, Ermida, Nabal, Ribeira, Val, Vesada,...*

Nos casos en que a grafía dun topónimo, tal como se vén usando, adoptou unha forma arbitraria non coincidente coa etimolóxica, respectouse se non ocorreu por castelanismo. Así, mantense *Trives* < TIBURIS; *Brea* < VERA; *O Grove* < OCOBRE, malia estas grafías non corresponderen ás etimolóxicas, como se ve polos étimos. Ao seren palabras opacas, non pareceu aconsellable nin prudente facer que os usuarios muden o hábito gráfico xa secular de escribiren *Trives, Brea* ou *O Grove*.

Pola mesma razón, mantéñense os hábitos locais para casos como *Cima de Vila/Cimadevila, Sa/Saa,...*


Se a etimoloxía é escura, dubidosa ou controvertida, optouse, en xeral, pola grafía habitual na tradición escrita ou máis arraigada no uso actual. É o caso de *Cerponzóns, Darbo, Herbón, Hervés, Triabá* ou *Xuvia*, entre outros.

6. A Comisión atense ao principio de que os artigos son parte integrante do topónimo, polo que se tivo especial coidado en verificar o seu uso na fala e oficializalo nos casos en que efectivamente se rexistrou e se documentou: *A Coruña, A Laracha, A Lavacolla, A Pastoriza, As Somozas, O Carballiño, O Carril, O Porriño,...*

7. Os topónimos compostos que teñen un segundo elemento precedido de preposición oficializáronse con el, malia que -sobre todo na súa zona de influencia- se use na fala só o primeiro -así, *O Barco de Valdeorras, Malpica de Bergantiños, Monforte de Lemos, A Pobra do Caramiñal, A Proba de Burón, Santiago de Compostela, Viana do Bolo, Vilagarcía de Arousa, Xinzo de Limia*, etc.- ou, nalgúns casos, só o segundo -como *Baños de Molgas, Porto do Son*.

Nos topónimos compostos sen preposición, e sempre que non sexa unha deturpación castelanizante, mantívose a forma tradicional dos documentos escritos ou a forma oficial, o que non implica que a Comisión considerase que as formas tradicionais na lingua falada fosen incorrectas. Así, mantivéronse *Castro Caldelas, Campobeceros* e *Vila de Cruces* a pesar de que as formas vivas nas zonas correspondentes son *O Castro, Campos* e *As Cruces*.

Nalgúns casos, a Comisión decidiu manter dúas solucións alternativas cando as características administrativas do topónimo permitían o dobrete. Así, por exemplo, o concello é oficialmente *Vila de Cruces*, mentres que a parroquia correspondente



mantén o nome popular: *As Cruces*. O mesmo ocorre co dobrete *Guntín* para o concello e *Guntín de Pallares* para a parroquia, ou co concello valdeorrés que ten por nome *A Rúa*, onde a parroquia foi oficializada como *A Rúa de Valdeorras*, coa vantaxe engadida de que esta forma axuda a evitar o erro, moi común, de denominar esta entidade de poboación co nome de *A Rúa de Petín*, inducido polo rótulo da estación de ferrocarril, que reza *Rúa-Petín*.

8. Nos casos en que se produciu a deglutinación do elemento inicial dun topónimo (A-, O-, AS-, OS-) interpretado como artigo, os criterios aplicados foron, xeralmente, os seguintes:

8.1. Respetar a deglutinación se está consolidada na fala e na tradición escrita e o termo topónimo non contén un termo do léxico común. Así: *As Anzas* < ALESANTIAS, *O Grove* < OCOBRE, *A Baña* < ABANIA e *O Incio* < ONICIO.

8.2. Cando a forma deglutinada non está consolidada, optouse por fixar o topónimo acomodado á forma etimolóxica: *Astrés*, *Oxén*,...

8.3. Noutros casos, puideron aplicarse criterios diverxentes para formas iguais, en función do peso da tradición escrita, coma no caso de *Agrela/A Grela* (< AGRELLA, de AGRA).

8.4. Hai algúns casos en que non foi posible recoñecer as aglutinacións ou deglutinacións, polo que a Comisión se ativo á tradición escrita, o que dá lugar a que aparezan aparentes dobretes como *Lugar da Riba/Lugar de Arriba*.

9. A segunda forma do artigo representouse segundo os criterios ortográficos e morfolóxicos do galego

estándar: así, *Trala Pena*, *Tralabouzas*, *Tralaveiga*, etc., pero *Betanzos o Vello* (a pesar de que na fala só se recolle /betánθolobèllo/).

10. Os topónimos que levan unha preposición inicial ditamináronse con ela xunta ou separada, segundo a tradición escrita de cada un: *Sobre a Igrexa*, *Sobrecarreira*, *Sobreosmuíños*, *Sobrepiñeiro*, *Sobrerriba*, *Sobrerribas*, *Tras da Feira*, *Trascastro*, *Tras do Monte/Trasdomonte/Trasmonte*.

A preposición *so-/su-*, optouse por escribirla sempre unida, co que se evitan moitos casos de falsa análise como un posesivo: *Socampelo*, *Socampo*, *Socastro*, *Socortes*, *Sorribas*, *Suagra*, *Suaermida*, *Suaigrexia*, *Sualomba*, *Suapena*, *Suaschousas*, *Suasviñas*, *Sucamiño*, *Sucarreira*, etc. Só en casos excepcionais se escribiu separada (*Su a Agra*), o que se decidiu para manter o topónimo como cuadrísílabo, tal como se recolleu na fala.

11. Foi criterio da Comisión, nos topónimos referidos a parroquia, manter a información referida ás advocacións. Estas son tamén formas históricas, que precisaron dunha fixación na súa forma galega auténtica, e non poucas veces cumpren a función de distinguir parroquias con igual denominación. Outras veces, a advocación, ao se incorporar ao topónimo para diferenciar parroquias contiguas co mesmo nome, debe considerarse xa topónimo (haxiotopónimo) e adoita utilizarse, localmente, sen a forma á que inicialmente acompaña (*San Mamede [de Ribadulla]*; *Santa Comba [de Carnota]*; *Santa Cristina [de Fecha]*; *Santalla [de Agrón]*;...).

Con todo, agás nos casos descritos arriba, no uso civil as parroquias non teñen por que denominarse precedidas da advocación correspondente.

O proceso de fixación supuxo a revisión dos seguintes topónimos:

3.1.8. Algúns datos estatísticos

	Concellos	Parroquias	Lugares	Formas diferentes*
A CORUÑA	97	936	13.595	7.590
LUGO	67	1.266	11.774	6.489
OURENSE	92	919	4.332	2.763
PONTEVEDRA	62	668	7.604	4.317
TOTAL	315	3.789	37.305	21.169
TOTAL DE TOPÓNIMOS FIXADOS				41.409

* Nesta columna, os topónimos só se contabilizan en función da forma diferenciada que presentan respecto ao resto; é dicir, que as formas repetidas (Castro, Igrexa, Lamela,...) só se contabilizan unha vez.

3.1.9. A revisión do Nomenclátor

A partir da súa edición, ábrese un proceso de revisión do *Nomenclátor* no que se deberá acometer:

- A revisión, desde o punto de vista lingüístico, dalgúns topónimos, por instancia de concellos e de particulares, ou pola revisión dalgúns criterios por

parte da propia Comisión de Toponimia (véxase no punto 3.1.7. os criterios)

- A harmonización coas bases de toponimia doutros organismos, nomeadamente do SITGA, do IXN e do INE, que inclúa unha codificación que permita unha selección máis doada da información, e, ao mesmo tempo, unha clasificación máis detallada dos topónimos en función da súa consideración como entidade de poboación ou como parte dunha entidade superior.

TOPONIMIA

PROXECTO TOPONIMIA DE GALICIA



1. PRESENTACIÓN, OBXECTIVOS E ORGANISMOS IMPLICADOS

Vivimos nun país que ten máis nomes de lugar que toda España enteira, posiblemente ben arriba do millón, moitos dos cales son fósiles lingüísticos cuxa orixe e significado falan das xentes que foron poboando, singularizando e recoñecendo as particularidades dunha terra na cal viviron e pola cal se moveron ao longo de séculos.

Sobre a riqueza de nomes de lugar do noso país téñense feito moitos cálculos, que van desde os “cien mil nombres geográficos, separados, aunque no distintos” que dicía o padre Sarmiento, aos “treinta millones de fincas, cada una con su nombre” que calculaba Filgueira Valverde, aínda que seguro que non hai tan poucos -que a el lle parecían moitos- como dicía Sarmiento, nin tantos como dicía Filgueira.

En pleno século XXI, a transformación demográfica e a progresiva desaparición dos modos de vida tradicionais ameazan gravemente a conservación deste riquísimo patrimonio. Boa parte dos topónimos menores só teñen vida na fala ou na memoria de persoas de idade, e non é esaxerado dicir que con cada vello que morre ou abandona o campo desaparecen tamén dúcias de topónimos, moitos deles de alto interese científico e todos eles de enorme valor como patrimonio cultural de Galicia. (*ver figura 1*)

Por este motivo, a Comisión de Toponimia, unha vez rematada a fase de fixación da toponimia de entidades de poboación, promoveu a posta en marcha dun proxecto de recolleita e catalogación da toponimia menor.

Este proxecto denomínase *Proxecto Toponimia de Galicia* e constitúe un plan orientado a recoller de forma exhaustiva toda a microtoponimia viva, a través dun método de enquisa oral, para a posterior introdución nunha base de datos, a fixación dunha forma normalizada e a súa implantación nun soporte cartográfico.

O proxecto persegue os seguintes **obxectivos**:

- Recoller toda a **microtoponimia**, para contribuír á conservación dun patrimonio cultural de gran interese científico.
- Confeccionar unha **base de datos** de toponimia, útil e de referencia, para os distintos eidos da investigación e da xestión do territorio.
- Elaborar unha **nova cartografía** coa actualización e revisión da información toponímica existente mediante o emprego de técnicas cartográficas innovadoras. A toponimia, unha vez normativizada, seralles facilitada a todos os organismos implicados

MAPA DA EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN POR CONCELLOS 1981-2001




Figura 1. Mapa evolución da poboación por concellos 1991-2001. Fonte INE e SITGA.

(concellos, INE, IXN, Castastro, servizos de concentración parcelaria,...)

Promoven o proxecto a Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia, órgano de asesoramento que depende da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, que é a competente en materia de toponimia, e a S.A. para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia, desde o centro de cartografía do SITGA (Sistema de Información Territorial de Galicia), dependente da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural. Comisión de Toponimia e SITGA elaboraron conxuntamente, no ano 2000, a metodoloxía do proxecto.

Tamén colaboran de distintos xeitos:

- A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Política Lingüística, que achega parte do financiamento.
- A Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais que, a través do Plan Labora, facilita persoal aos concellos para os traballos de recolleita.
- Os concellos, que, a través dun convenio, facilitan apoio humano e material no seu respectivo ámbito territorial.

- As Fundacións Comarcais, que, a través dos seus xerentes, informan os concellos sobre o proxecto.

- Ademais destes organismos, ocasionalmente, apoiaron o proxecto distintas asociacións como a Mancomunidade de Montes do Val Miñor, asociacións de veciños en concellos como Santiago de Compostela ou Vigo, e asociacións culturais como Xermolos no concello de Guitiriz ou Airoá no concello de Sarreaus.

Cómpre salientar o pulo que debe supor para a ampliación dos obxectivos do proxecto as medidas recollidas no *Plan xeral de normalización lingüística*, deseñado pola Xunta de Galicia e aprobado, por unanimidade, polo Parlamento de Galicia, o 22 de setembro de 2004. Nel, entre as medidas adoptadas, figura, literalmente: “Establecer que todos os traballos topográficos e cartográficos que fagan ou encarguen as administracións (maioritariamente, deputacións e concellos, os servizos de concentración parcelaria e o catastro) teñen que levar incorporada a recollida da microtoponimia, conxuntamente co sistema deseñado pola Comisión de Toponimia e que o material toponímico recollido deberá ser remitido ao SITGA, para a súa organización e posta á disposición da sociedade na Rede” (medida 1.2.6. Sector 1. Administración. Área 2. Administración local).

2. MÉTODO DE TRABAJO

Para a execución do proxecto, a Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública e a S.A. de Desenvolvemento Comarcal asinaron un convenio que determina que o SITGA será o centro para a execución dos traballos, baixo a dirección técnica do responsable deste departamento e mais do secretario da Comisión de Toponimia. Deste xeito, aúnanse os esforzos de dous órganos que teñen, respectivamente, competencias en fixación toponímica e en cartografía. (*ver figura 2*)

Para pór en marcha os traballos de campo, un equipo de técnicos do SITGA (especialistas en lingüística, informática e xeografía) encárganse da formación metodolóxica dos técnicos de campo e do seguimento, coordinación e revisión dos traballos de campo para garantir a calidade destes. Ademais, entréganse os materiais básicos necesarios para tal fin (fotografías aéreas, mapas do IXN, manuais de metodoloxía, información catastral e información do Nomenclátor).

A metodoloxía de traballo asenta nos seguintes principios xerais:

- O concello e a parroquia constitúen a unidade territorial para a execución do proxecto.

- Os topónimos deben rexistrarse coas súas características lingüísticas e xeográficas.
- Os nomes localízanse nunha fotografía aérea.
- Formarase unha base de datos única.
- A información toponímica recollida debe servir para a súa utilización cartográfica.

2.1 ÁMBITO DE ACTUACIÓN: O CONCELLO E A PARROQUIA

A colaboración dos concellos é unha das claves para o bo desenvolvemento dos traballos. Así, alcaldes, membros da corporación e técnicos municipais son informados detalladamente dos obxectivos do proxecto e o que supón a súa implicación neste.

Unha vez establecidos os contactos e facilitada a información, os concellos interesados en participar no proxecto asinan un convenio de colaboración coa S.A para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia (*véxase no Anexo I o modelo de convenio*).

Como se deduce do convenio, a execución do proxecto supónlle ao concello unha mellora importante da súa cartografía, pois permítelle dotarse dunha




Figura 2. Procesos do método de traballo do proxecto.

ortofoto que recolle a información toponímica do termo municipal (*véxase no Anexo II*).

O formato dixital deste documento, vinculado a unha base de datos, supón un primeiro paso na introdución da tecnoloxía dos sistemas de información xeográfica nos concellos.

2.2 TRABALLO DE CAMPO: RECOLLIDA DE TOPONIMIA

O traballo de campo baséase na enquisa oral, pois trátase de recoller en cada caso a información toponímica máis fiable a través das persoas que residen en cada núcleo de poboación. É fundamental rexistrar as características lingüísticas (fonética) e xeográficas (localización e tipoloxía) do topónimo. Paralelamente, utilízase a cartografía (IXN, municipal, catastro) ou o Nomenclátor como apoio, ao tempo que se verifica. Para levar a cabo o anteriormente exposto, establécense os seguintes procesos:

2.2.1 Coñecemento previo do territorio partindo da documentación cartográfica e bibliográfica existente

Antes de comezar os traballos de campo utilízase información documental:

- como unha primeira referencia do territorio que se vai estudar
- para contrastar e verificar a información de campo.

A cartografía de escala 1:25.000 e 1:5.000 existente nos concellos e na Xunta, así como o Nomenclátor, serán revisados, mediante a realización dos correspondentes informes.

Esta é a documentación que se utiliza como apoio:

■ O mapa do Instituto Xeográfico Nacional (IXN)

O mapa topográfico nacional 1:25.000 utilízase como unha primeira aproximación ao territorio. Serve para establecer as referencias sobre a situación e identificación de núcleos de poboación, ríos, montes, paraxes, vías de comunicación, etc...



Figura 3. Detalle do mapa topográfico do IGN 1:25.000.

A información toponímica contida nestes mapas verificase en campo e, posteriormente, faise un informe sobre o seu estado (localización e grafía e grao de recoñecemento do nome do mapa), que se transmitirá ao organismo competente.

■ Cartografía municipal

Moitos concellos posúen unha cartografía propia derivada dos seus plans de ordenación urbana. A información toponímica destes documentos, habitualmente escasa, contrastase coa obtida no traballo de campo e, como resultado desta verificación, proporciónase a información pertinente para a súa corrección.

■ O catastro de rústica

É unha fonte de información moi importante. A súa planimetría, xunto co rexistro de propiedades, per-

mítenos coñecer os nomes asignados a cada parcela, ou a un conxunto delas, polos seus propietarios.

Os planos coas parcelas identificadas polos correspondentes nomes son moi útiles para quen vai realizar a enquisa polos seguintes motivos:

- Permiten unha aproximación á densidade de toponimia existente na zona.
- Permiten coñecer a superficie que abrangue o topónimo, determinada polo conxunto de parcelas denominadas con ese nome.
- Ofrecen unha mostra dos nomes xenéricos que se poden atopar na zona.
- Supoñen unha referencia sobre o grao de coñecemento e fiabilidade do informante.

Para algúns informantes son documentos máis fáciles de interpretar que as fotos aéreas, de xeito que se orientan mellor neles e identifican mellor a área que abrangue cada topónimo. Os planos do castastro de rústica son, por tanto, unha ferramenta complementaria da fotografía aérea utilizada para a localización xeográfica dos topónimos.

A súa comprobación e verificación déixase para un traballo específico posterior, dada a gran cantidade de erros existentes sobre todo na grafía dos nomes (deturpacións, erros ortográficos, falta de artigos...) e, en menor medida, na localización.

■ Planos de concentración parcelaria

A concentración parcelaria supón un cambio importante na organización da terra e, en consecuencia, unha gran perda de toponimia.

En zonas concentradas resulta moi difícil a recolleita dos nomes que identificaban espazos pequenos que actualmente están concentrados, polo que a utilización da cartografía resultante da concentración só axuda a visualizar a realidade existente coa súa actual identificación.

Unha vez contrastados este nomes cos recollidos en campo, o resultado permitíranos, ademais das correccións gráficas pertinentes, substituír nomes pouco identificativos por outros de maior relevancia que desapareceron nese espazo tras a concentración.

■ Mapa do Instituto Hidrográfico da Mariña

Cartografía de gran interese para o apoio dos traballos de recolleita de toponimia na zona do litoral costeiro. A información toponímica é bastante reducida. O proxecto pode fornecer información de grande interese para a actualización destes mapas.

■ Nomenclátore de Xunta de Galicia e do Instituto Nacional de Estatística (INE)

Estes documentos recollen a relación de entidades de poboación existentes en Galicia. Os criterios utilizados, nun e outro caso, para determinar o que se considera entidade de poboación son diferentes.

O Nomenclatór do INE utiliza criterios estatísticos e o da Xunta, aínda que parte da relación de nomes existente no primeiro, nalgún caso engade outros lugares que son recoñecidos como tales polos veciños.

O emprego da información deste documento é moi importante para a identificación dos lugares de cada zona.

A información recollida no traballo de campo acerca dos nomes das entidades de poboación posibilitará a comprobación destas fontes e contribuirá a establecer os criterios de catalogación que reflectan ou expliquen a realidade existente.

■ Documentación toponímica específica da zona de traballo.

Poden ser publicacións recentes de estudos de toponimia local, inventarios históricos como os amillamentos ou o Castastro do Marqués de la Ensenada, do século XVIII. Esta documentación é utilizada, sobre todo, como consulta e verificación de certas informacións dubidasas.

2.2.2 A enquisa en campo e a localización xeográfica

Tras a consulta da documentación citada prepárase a saída ao campo. Trátase de seleccionar os informantes adecuados para obter unha información de calidade, que se plasma nunhas fichas onde se recollen as características máis relevantes de cada topónimo, e de establecer a súa situación nas fotos aéreas ou nos planos de catastro, delimitando o espazo que abrangue cada un.

■ Selección e busca de informantes

A selección e busca das persoas que mellor coñecen o territorio resulta moitas veces difícil. Neste proceso faise imprescindible a colaboración dos concellos e mais das asociacións veciñais e culturais.

As particularidades do tipo de informante varían dunhas zonas a outras. Nas zonas costeiras a colaboración de mariñeiros e mariscadores dános unha percepción da identificación do litoral diferente e enriquecedora. Nas zonas de montaña a despoboación reduce considerablemente o número de informantes, chegando a certas zonas onde só unha persoa é a única fonte de información, con todas as restricións que pode ter esta exclusividade. Nas proximidades ás urbes, a complicación reside no desarraigo dos habitantes respecto do seu medio, profundamente transformado, e no esquecemento dos nomes, de maneira que atopar bos informantes resulta difícil. De todos os xeitos, a colaboración e a sensibilidade



das veciñas e dos veciños facilita que se salven con éxito moitas destas barreiras.

Figura 4. Ficha do informante.

A cada informante ou grupo de informantes fáise-lle unha ficha cos datos máis relevantes para ter un perfil da persoa que achegou a información e facer unha valoración dela. Cada topónimo ten asociado un informante, polo que se poden facer consultas sobre a información segundo o informante, así como valorar o total de topónimos que achegou na enquisa.

■ A ficha da enquisa

Trátase dunha ficha onde se recolle o topónimo coas súas características principais, que posteriormente será completada ao introducir o nome na ficha correspondente da base de datos, como veremos máis adiante.

■ A fotografía aérea. Localización xeográfica do topónimo

É un documento básico para a recolleita da información, pois permite unha visualización do terreo de traballo e unha clara identificación da realidade xeográfica. Permítenos localizar xeograficamente cada un dos topó-



Figura 5. Modelo de fotografía aérea utilizada no traballo de recolleita.

nimos, e delimitar o seu ámbito territorial. Facilitará, ademais, a dixitalización da información recollida para súa incorporación na cartografía (ver figura 5).

Estas fotos son facilitadas polo SITGA, que dispón dun voo dos anos 1999-2000 e de ortofoto do ano 2003 para a realización dos traballos do proxecto.

A fotografía de traballo ten unha escala entre 1:3.000 e 1:5.000, variando segundo as necesidades da zona. Para facilitar a localización do topónimo débuxase unha trama de cuadrículas sobre a foto, e cada unha é identificada por un número e unha letra.

Esta retícula serve a modo de coordenadas para a localización puntual do topónimo, identificado na foto cun número. Na base de datos introdúcese a cuadrícula central en que se sitúa o número. O resto de cuadrículas (C.1.....C.4) identifican as estremas do ámbito territorial que abrangue.

Topoloxía		Cuadrícula central			
<input type="radio"/>	Puntual	C.1	C.2	C.3	C.4
<input type="radio"/>	Lineal				
<input checked="" type="radio"/>	Superficial	301			

Na fotografía sinálanse cunha simboloxía os elementos de interese cultural, o curso dos ríos e os lindes de parroquias e concellos, o que supón un incremento da información.

Todo esta información será dixitalizada e relacionada coa base de datos partindo do número da foto e do número de topónimo, que se configuran como un código único.

2.2.3. A base de datos

Deseñouse unha base de datos que, vinculada cun sistema de información xeográfica, permitirá aproveitar, a un tempo, as informacións de tipo xeográfico e lingüístico. Isto conséguese mediante:

- A codificación xeográfica da información, que se poderá seleccionar segundo a escala do mapa e o seu grao de actualización.

- A codificación lingüística, de xeito que se poidan facer consultas sobre as características do topónimo.

No seguinte gráfico (*ver figura 6*) pódense ver as relacións existentes entre as táboas que recollen información sobre o topónimo. Están interrelacionadas partindo dun código identificador do topónimo.

Definíronse unha serie de módulos que lle facilitan a quen realiza o traballo de campo a introdución dos datos e a súa consulta.




Figura 6. Táboas con información sobre o topónimo e as súas relacións.



Figura 7. Formulario da base de datos.

Os módulos que compoñen esta base son:

- Fichas: introdúcense os principais datos identificativos dun topónimo.
- Informantes: datos da persoa que proporciona a información.
- Topónimos nos documentos: información atopada nos documentos consultados pero que ningún informante recoñece.
- Corónimos: léxico específico que ten unha relación coa toponimia e que contén un descrición do territorio identificado (corga, devesa, fraga, lameiro, poula,... nas distintas acepcións dialectais)
- Revisión e listaxes: realización de consultas e control dos datos introducidos na base.

A seguir, podemos ver con maior detalle as particularidades dalgún destes módulos:

■ As fichas

O topónimo na ficha está definido polos seguintes parámetros:

- Aspectos lingüísticos (topónimo, fonética e xenérico)
- Localización (provincia, concello, parroquia e aldea)
- Tipoloxía xeográfica (código TX1...TX3)
- Informante
- Documentación (IXN, Catastro...).

As referencias xeográficas son recollidas nos primeiros campos (provincia, concello, ...)

Figura 8. Ficha da base de dato para a entrada de información sobre o topónimo.


Con respecto ás características lingüísticas destacamos os campos:

- Topónimo

Os topónimos téñense que transcribir totalmente, evitando o emprego de abreviaturas ou a elisión de substantivos xenéricos. O nome debe reproducirse sempre como o pronuncien os informantes, respectando as formas dialectais e os castellanismos. A Comisión de Toponimia será quen ditamine cal é forma normativizada.

- Fonética

Na pseudotranscrición fonética procúrase representar as características rexistradas na enquisa oral que se relacionan co vocalismo, a gheada, o sistema de sibilantes e o rotacismo:



Con respecto ás características xeográficas destacamos o campo:

- Tipoloxía xeográfica

Serve para describir a realidade que identifica o topónimo. Deste xeito, enriquecese e facilítase a interpretación do nome. Tamén se recollen elementos non estritamente toponímicos, como son os elementos de interese cultural e certos equipamentos. Isto ten por obxecto introducir na cartografía estes elementos concretos de referencia do territorio, útiles para uso do concello.



Figura 9. Tipoloxías xeográficas.

- Documentación

Nesta epígrafe indícase se o topónimo aparece nalgun destes documentos e seguidamente dáse conta da verificación en campo realizada sinalando se existe algún erro de localización ou de grafía ou se non é recoñecido por parte das persoas informantes.

Documentación

D+N Catastro Parcelaria Cartografía municipal Outros

Resulta de gran interese a comprobación da información tanto do Instituto Xeográfico Nacional como a do Nomenclátor de Galicia, dado que son publicacións oficiais moi utilizadas en eidos diferentes.

IXN			
Nº topónimo	Topónimo	Tipo	Observacións
355	as estremas	ACERTO	
645	portecanles	ERRO	aparece como "porto canles".
646	a chan dos loureiros	ERRO	aparece como "chan de loureiros".
662	san Miguel	ACERTO	
672	outeiro de calbó	ACERTO	Acerto no topónimo pero non estou moi segura de que estes ben situado no plano.
673	a cova dos almallos	ACERTO	
674	o campo dos louros	ACERTO	
686	o agro do monte	ACERTO	o topónimo está ben pero creo que a situación non.

Figura 10. Modelo de informe sobre a verificación da información do IXN.

■ Revisión e listaxe

Con este formulario, o técnico de campo pode visualizar toda a información introducida na base de datos e facer diferentes consultas que facilitan a verificación e control da información introducida.

Revisións/Listados

Nº de fotos: 7
 Nº de informantes: 13
 Nº de topónimos: 1539

Observacións

12058079: [1,1] Faltan: 33,47,363,704
 12058081: [1,705] Faltan: 381,384,454
 15218046: [1,472] Faltan: 146,151,174,202,218
 15218048: [1,704] Faltan: 146,151,174,202,218

Listado de FOTOS
 Listado de D+N
 Listado de INFORMANTES
 Listado de CATASTRO
 Listado de TOPÓNIMOS
 Listado de PARCELARIA
 Listado de CORÓNIMOS
 Listado de CARTOGRAFÍA MUNICIPAL
 Listado de DÚBIAS LINGÜÍSTICAS
 Listado de OUTRA DOCUMENTACIÓN

Nº Foto:
 Nº Topónimo:
 Cuadrícula Central:
 Topónimo:
 Tipoloxía xeográfica:

Consultar

Sair

Figura 11. Formulario para a consulta da información na base de datos.

2.3. TRATAMENTO DOS DATOS RECOLLIDOS NO CAMPO

2.3.1. Control e revisión dos traballos de campo

No SITGA, o persoal técnico somete a información recollida no campo a unha serie de procesos de revisión para a súa depuración e corrección. Son estes:

- Revisión parcial realizada durante o traballo de campo

Cunha periodicidade de tres meses, ou cada vez que un técnico finaliza a recolleita da toponimia dunha parroquia, revísase a toponimia recadada ata o momento.

Con esta supervisión trátase de evitar, desde o inicio, que se produzan erros de consideración tanto ao introducir os datos na base como ao plasmar a información na fotografía aérea. Forma parte dos traballos de coordinación e apoio e orientación aos técnicos de campo.

- Revisión final

Unha vez rematado o traballo de campo no territorio dun concello e entregada a base de datos e as fotos de traballo, procédese a unha revisión desta información en niveis diferentes:

- Revisión da base de datos en todos os seus campos. A través de diferentes consultas, depúrase a información, corríxense os erros de introdución de datos e detéctanse posibles discordancias na tipoloxía xeográfica, repeticións e discrepancias con certos criterios metodolóxicos.

- Revisión da foto aérea, na cal se comproba a densidade dos nomes, a simboloxía utilizada, a claridade da numeración, a delimitación do espazo que abranguen os nomes, os solapamentos, os lindes, e os criterios particulares usados pola persoa que realizou a recolleita.

Os informes realizados destas revisións facilitan as correccións concretas da información na base de datos. Este proceso é necesario para que se poida proceder a dixitalización na ortofoto.

2.3.2. Supervisión da Comisión de Toponimia

A información recolleita é supervisada pola Ponencia de Estudos da Comisión de Toponimia. Previamente, un equipo de lingüistas depura a información recollida e selecciona os topónimos que poidan presentar algunha problemática, codificándoos en función desta (*ver figura 12*). Estes topónimos pasan a estudo da Ponencia de Estudos da Comisión de Toponimia, que propón unha forma normativizada.

Os casos dubidosos déixanse para unha investigación máis profunda, que inclúe unha repetición da enquisa sobre eles e a procura de documentación escrita.

Para facilitar a análise da información toponímica deseñouse un programa informático que permite visualizar dun xeito fácil as particularidades de cada topónimo e os comentarios feitos para a resolución destas. Así mesmo, permite consultar formas xa fixadas que poidan servir de criterio para tomar unha decisión na solución dunha problemática (*ver figura 13*).

CODIFICACIÓN PROBLEMAS LINGÜÍSTICOS					
TIPO	FENÓMENO	SUBFENÓMENO	ABREVIATURA	CÓDIGO	EXEMPLO
Gráficos	Problema de grafía no topónimo		GRAF	200	*Bio Morto < Boi Morto (gralla); *A chan da Nabal (maiúsculas)
	Topónimos con B/V		GRAFBV	210	*Cobela < Covela *A Besadiña < A Vesadiña
	Topónimos con/sen H		GRAFH	220	*Con da Edra < Con da Hedra; *O Erdeiro < O Herdeiro
Fonéticos	Problemas fonéticos		FON	300	
	Vacilación nas vogais	Vacilación na vogal tónica	FONVOT	310	*Capela das Conchas < Capela das Cunchas
		Vacilación na vogal átona	FONVOA	311	*Espadenal < Espadanal
	Vacilación nos encontros vocálicos	Vacilación no ditongo	FONVODI	312	Aira/Eira; *Peinzal < Painzal
		Vacilación no hiato	FONVOHI	313	
	Fonética sintáctica		FONSIN	320	*Ospiñeiro < O Espiñeiro
	Supresión de vogais/consoantes	Apócope	FONSUPVO	330	San / Santo
		Síncope	FONSUPVO	331	*Preira < Pereira, *Croa < Coroa
		Aférese	FONSUPVO	332	*Grela < Agrela (aférese)
	Adición de vogais/consoantes	Prótese	FONADVO	340	*lauga < auga (prótese)
		Epéntese	FONADVO	341	*Coruña < Cruña (epéntese)
		Paragoxe	FONADVO	342	*Pinare < Pinar (paragoxe)
	Metátese		FONCOME	350	*Madanela < Madanela; Granda < Gandra (de *Gándara)
	Fenómenos fonéticos dialectais	Gheada	FONCOGU	360	/salgheiro/ < Salgueiro
		Seseo	FONCOSES	361	/a rosa vella/ < A Roza Vella
		Rotacismo	FONCORO	362	/a chan daR beilladas/; /a volta daR veighas/
		Aspiración	FONCOASP	363	Liñare < Liñares; /ah serras/ < As Serras
Palatalización do A		FONPALA	364	Painzal/Peinzal	
Despalatalización		FONDESPA	365	/Freiso/ > Freixo	
Palatalización		FONPAL	366	/Fieitoxo/ > Fieitoso	
Morfo-Sintácticos	Problemas morfosintácticos		MORF	400	O Alto Piñeiro; De Pedro + Problemas de concordancia de xénero ou núm. +
	Artigo		MORFART	410	*A Casavella < Casavella / A Casa Vella
	Aglutinación de artigo		MORFARTAG	420	*A Abesada < A Vesada
	Deglutinación de artigo		MORFARTDEG	430	*A Grela < Agrela; *O Xen < Oxén (Euxenio)
Compostos	Problemas xunto/separado		COMP	500	Sualeira; Agualta; Novalvellos; Trasdabodega
	Problemas co artigo		COMPART	510	*Atixó/ A Tixó
	Problemas coa preposición		COMPREP	520	A Suaporta; Trasdabodega; Tras do Palleiro
Léxicos	Problemas léxicos		LEX	600	Topónimos opacos con orixe ou significado que presenta problemas
	Castelanismos		LEXCAST	610	A Capilla; A Finca de Curvera; A Silla da Reina
	Variantes léxicas		LEXVAR	620	Aira/Eira; Abruñeira/Ambruñeira; Terreo/Tarreo

Figura 12. Códificación dos problemas lingüísticos que presentan os topónimos.

Figura 13. Formulario para a revisión e codificación da Comisión de Toponimia.

2.3.3. Ortofoto. Dixitalización da información

Finalmente, os topónimos son dixitalizados na ortofoto, o que permite a súa completa xeorreferenciación. Está información será unha capa máis das existentes na cartografía e unha vez integrada nun sistema de información xeográfica (SIX) posibilitará a realización de consultas interactivas coa base de datos (ver figuras 14 e 15).

Desta forma é fácil unha visualización da información xeral do topónimo, dos documentos en que foi verificado e dos datos do informante.

As buscas de topónimos concretos polo seu nome ou parte deste ou pola súa tipoloxía xeográfica serán doadas de facer e visualizar sobre o mesmo mapa. A vinculación da toponimia existente na cartografía coa base de datos permite realizar mapas temáticos partindo dunha selección da toponimia en función

duns criterios determinados como poden ser a fonética, a tipoloxía xeográfica ou certas particularidades determinadas na codificación lingüística realizada pola Comisión de Toponimia.

Figura 14. Pantalla resultado da consulta de información dun topónimo sobre mapa.



Figura 15. Toponimia sobre ortofoto dixital. Fonte SITGA.

2.3.4. Presentación de resultados para exposición pública

Unha vez revisada a toponimia dun determinado concello polo persoal técnico SITGA, supervisada pola Comisión de Toponimia e dixitalizada, faise unha exposición pública no concello e nas parroquias, co apoio das asociacións veciñais.

Sobre a ortofoto de cada parroquia preténdese:

- Detectar, por parte dos veciños, posibles erros.
- Achegar nova información para enriquecer zonas con certas carencias.
- Solucionar as dúbidas xurdidas, tanto na fase de revisión polo persoal do SITGA como por parte da Comisión de Toponimia.



Figura 16. Exposición no concello de Vigo dos resultados da recolleita.

3. GRAO DE EXECUCIÓN DO PROXECTO

Como se indicou no capítulo anterior, o *Proxecto Toponimia de Galicia* execútase en colaboración cos concellos e pasa polas catro grandes fases xa descritas na metodoloxía.

Neste capítulo describimos o nivel de execución de cada unha das fases, desde o comezo do proxecto, no ano 2000, ata a actualidade (marzo de 2005).

3.1. FASE A. DIFUSIÓN DO PROXECTO

A información inicial parte da presentación do proxecto ás autoridades e ao persoal técnico dos concellos. Neste senso, a rede de xerentes comarcais contribuíu enormemente á difusión, pois permitiu chegar á maioría dos concellos, ben a través da reunión dos padreados das fundacións comarcais ben mediante visita concello a concello.

En realidade, podemos dicir que todos os concellos, aínda que en distinto grao, recibiron información sobre os obxectivos do proxecto (*ver figura 17*).

Os servizos de normalización lingüística e a rede técnicos de emprego local actuaron tamén, en moitas ocasións, como difusores. Ademais, utilizáronse outros medios como dípticos informativos, reportaxes na TVG, noticias en prensa, información no portal Eido Local e na páxina web comarcas.com ou toponimia.xunta.es ...

CONCELLOS PRESENTADOS NO MARCO COMARCAL CON MEDIACIÓN DO/A XERENTE	196
CONCELLOS PRESENTADOS FÓRA DO MARCO DA COMARCA	48
CONCELLOS SEN PRESENTACIÓN DIRECTA PERO QUE RECIBIRON INFORMACIÓN A TRAVÉS DOUTROS MEDIOS	71



MAPA DE DIFUSIÓN DO PROXECTO NOS CONCELLOS




Figura 17. Mapa de difusión do proxecto nos concellos. Fonte SITGA.

3.2. FASE B. DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO NOS CONCELLOS

Os inicios do proxecto sitúanse no ano 2000, en que comezan os traballos de recolleita nos concellos de Santiago de Compostela e Betanzos na provincia da Coruña; Sarria na de Lugo, e Riós e Celanova na de Ourense. A partir da experiencia nestes concellos deseñouse a metodoloxía de traballo e a estratexia que se seguiría para a implantación do proxecto no resto dos concellos.

3.2.1. Concellos implicados no proxecto

Progresivamente, durante os anos seguintes, incrementouse o número de concellos que se sumaron ao proxecto e iniciaron os traballos de campo nos seus respectivos territorios (*ver figura 18*). Como se pode apreciar no mapa adxunto, os anos 2003 e 2004 foron os de maior incorporación, coincidindo, como se detallará máis adiante, co aproveitamento do Plan Labora para a contratación de persoal de campo (*ver figura 19*).

Actualmente son 113 os concellos sumados de forma efectiva ao proxecto, 16 dos cales remataron os traballos de campo e outros 15 están no proceso de dixitalización.

CONCELLOS CON TRABALLO DE CAMPO REMATADO

ALFOZ	QUINTELA DE LEIRADO
BANDE	RAMIRÁS
CASTRO DE REI	RIBADUMIA
CELANOVA	SARRIA
GUDIÑA (A)	TRABADA
MEZQUITA (A)	VALADOURO (O)
NARÓN	VEDRA
PONTENOVA (A)	VEREA

Dos concellos en proceso de dixitalización, en Arteixo, Catoira, Cospeito e Lourenzá farase proximamente a exposición pública. No concello de Vigo, están expostas actualmente as ortofotos nas distintas parroquias e aberto o período para atender as suxestións e correccións das respectivas asociación veciñais.

3.2.2. Convenios de colaboración cos concellos

No ano 2001 asínase o primeiro convenio de colaboración, concretamente co Concello de Arteixo. Este asume unha parte dos custos do proxecto mediante a participación con persoal técnico ao seu cargo.

Posteriormente, neste mesmo ano, implícase a comunidade de montes do Val Miñor, coa cal se asina un convenio para actuar nunha serie de parroquias dos concellos de Baiona, Gondomar e Nigrán. E aparece outra fórmula de participación, a do Concello de Bande, que pon á disposición do proxecto un técnico subvencionado pola Consellería de Familia, a través do programas de cooperación para o emprego.

No ano 2002 iníciase os traballos en trece concellos. O proxecto ten que xestionar practicamente todo o persoal con recursos propios, agás as participacións dos concellos de Vigo, Catoira e Narón, con financiamento propio do persoal técnico de campo, e Pontecesures, que apoia os traballos de campo con persoal do seu Servizo de Normalización Lingüística (*ver figura 20*).

No período 2003 a 2005 o proxecto aumenta considerablemente a participación dos concellos, que asumen a contratación do persoal mediante o recurso, fundamentalmente, ao **PLAN LABORA**, que facilitou a incorporación ao proxecto de máis de oitenta concellos (*ver figura 21*).

CONCELLOS EN QUE SE INICIARON TRABALLOS DE RECOLLEITA DO PROXECTO TOPONIMIA					
PROVINCIA	CONCELLO	ANO INICIO	PROVINCIA	CONCELLO	ANO INICIO
A CORUÑA			LUGO		
	ABEGONDO	2005		MONTERROSO	2003
	AMES	2004		MURAS	2003
	BETANZOS	2000		OUROL	2004
	BRIÓN	2003		PALAS DE REI	2003
	CABANA DE BERGANTIÑOS	2003		PÁRAMO (O)	2004
	CABANAS	2004		PASTORIZA (A)	2003
	CAMBRE	2004		RIBADEO	2004
	CARNOTA	2004		RIOTORTO	2004
	CEDEIRA	2004		TABOADA	2003
	CERDIDO	2004		VICEDO (O)	2003
	COIRÓS	2004		VILALBA	2004
	CORISTANCO	2003	OURENSE		
	FERROL	2004		BARCO DE VALDEORRAS (O)	2004
	LARACHA (A)	2003		BOLA (A)	2004
	LOUSAME	2005		CALVOS DE RANDÍN	2001
	MAÑÓN	2004		CASTRELO DO VAL	2000
	MONFERO	2003		GOMESENDE	2004
	MUROS	2004		MANZANEDA	2005
	OZA DOS RÍOS	2004		MERCA (A)	2003
	PADERNE	2004		MONTEDERRAMO	2004
	PONTECESO	2003		OÍMBRA	2005
	PORTO DO SON	2005		PARADA DE SIL	2004
	RIBEIRA	2002		POBRA DE TRIVES (A)	2005
	SANTIAGO DE COMPOSTELA	2000		RAIRIZ DE VEIGA	2004
	SOBRADO	2004		RIBADAVIA	2004
	TEO	2004		SAN AMARO	2004
	VAL DO DUBRA	2003		SARREAU	2004
	VIMIANZO	2003		TEIXEIRA (A)	2004
	CARIÑO	2004		VIANA DO BOLO	2001
LUGO				VILARDEVÓS	2000
	ABADÍN	2004		VILARIÑO DE CONSO	2002
	BARREIROS	2004	PONTEVEDRA		
	BECERREÁ	2003		BAIONA	2002
	BEGONTE	2004		CALDAS DE REIS	2003
	CARBALLEDO	2003		CANGAS	2002
	CERVO	2003		GONDOMAR	2002
	CHANTADA	2004		GUARDA (A)	2002
	FOZ	2003		LALÍN	2003
	XERMADE	2004		LAMA (A)	2004
	GUITIRIZ	2001		NIGRÁN	2002
	XOVE	2004		OIA	2003
	MONDOÑEDO	2004		ROSAL (O)	2003
				TOMIÑO	2003

Figura 18. Concellos nos que se iniciaron traballos do proxecto. Marzo 2005.

MAPA DA EVOLUCIÓN DAS ACTUACIÓNS NO TERRITORIO




Figura 19. Actuación do proxecto nos concellos. Marzo 2005. Fonte SITGA.

MAPA DOS CONVENIOS DE COLABORACIÓN




Figura 20. Mapa dos convenios de colaboración cos concellos. Marzo 2005. Fonte SITGA.

CONVENIOS DE COLABORACIÓN COS CONCELLOS			
CONCELLOS CON CONVENIO ASINADO		CONCELLOS EN QUE SE PREVÉ ASINAR EN 2005	
ARTEIXO	2001	ABEGONDO	2005
BOQUEIXÓN	2003	AMES	2000
BRIÓN	2003	ARANGA	2003
CABANA DE BERGANTIÑOS	2003	BETANZOS	2000
CARNOTA	2004	CABANAS	2004
CEDEIRA	2004	CAMBRE	2004
CERDIDO	2004	COIRÓS	2004
CORISTANCO	2003	FERROL	2004
FENE	2003	OZA DOS RÍOS	2004
LARACHA (A)	2003	PADERNE	2004
LOUSAME	2005	SANTIAGO DE COMPOSTELA	2000
MAÑÓN	2004	ABADÍN	2004
MONFERO	2003	ALFOZ	2003
MUROS	2004	BARREIROS	2004
NARÓN	2002	BEGONTE	2004
OROSO	2003	CARBALLEDO	2003
PONTECESO	2003	CASTRO DE REI	2003
PORTO DO SON	2005	COSPEITO	2003
SOBRADO	2004	CHANTADA	2004
TEO	2004	XERMADE	2004
VAL DO DUBRA	2003	MONDOÑEDO	2004
VEDRA	2003	PASTORIZA (A)	2003
VIMIANZO	2003	PONTENOVA (A)	2003
CARIÑO	2004	RIBADEO	2004
CERVO	2003	SARRIA	2000
FOZ	2003	TABOADA	2003
XOVE	2004	TRABADA	2003
LOURENZÁ	2003	VALADOURO (O)	2004
MONTERROSO	2003	VILALBA	2004
OUIROL	2004	BURELA	2003
PALAS DE REI	2003	BANDE	2001
PÁRAMO (O)	2004	BARCO DE VALDEORRAS (O)	2004
RIOTORTO	2004	BOLA (A)	2001
VICEDO (O)	2003	CELANOVA	2001
VIVEIRO	2003	GOMESENDE	2004
MANZANEDA	2005	GUDIÑA (A)	2001
POBRA DE TRIVES (A)	2005	MERCA (A)	2003
SAN AMARO	2004	MEZQUITA (A)	2002
BAIONA	2002	MONTEDERRAMO	2004
CALDAS DE REIS	2003	OÍMBRA	2005
CATOIRA	2002	PARADA DE SIL	2004
PORTAS	2003	QUINTELA DE LEIRADO	2000
PONTECESURES	2002	RAIRIZ DE VEIGA	2004
RIBADUMIA	2003	RAMIRÁS	2002
VIGO	2002	RIÓS	2000
		SARREUS	2004
		TEIXEIRA (A)	2004
		VEREA	2000
		VILARIÑO DE CONSO	2002
		CAMBADOS	2003
		GROVE (O)	2003
		LAMA (A)	2004
		MOAÑA	2003
		OIA	2003
		ROSAL (O)	2003

Figura 21. Relación de concellos con convenio firmado e previsión para 2005. Marzo 2005.

3.2.3. O Plan Labora e outras formas de colaboración

Para afrontar o traballo de recolleita nun prazo razoable, é evidente que o proxecto necesita dotarse dun importante número de persoas, tendo en conta a execución simultánea en varios concellos. Isto obrigou a buscar fórmulas que facilitasen a contratación dese persoal.

Con cargo ao orzamento anual do proxecto asúmen-se os custos derivados do persoal coordinador, dos materiais necesarios para os traballos de campo, da formación e depuración das bases de datos e da elaboración da cartografía.

Para os traballos de campo logrouse a implicación dos concellos a través da contratación de persoal técnico específico con cargo ás subvencións do Plan Labora, financiado pola Consellería de Asuntos Sociais (*ver figura 22*).

O perfil profesional máis adecuado para as persoas que van facer traballo de campo é o de licenciado en filoloxía galega. Pero a dificultade para conseguir este perfil en todos os concellos fixo abrilo a outro tipo de formación, que é complementada co apoio do equipo do centro de coordinación da S.A. de Desenvolvemento Comarcal. Ao perfil profesional súmase a importancia de que as persoas contratadas sexan orixinarias da zona sobre a que van traballar.

Actualmente son 79 os concellos acollidos ás contratacións do Plan Labora.

Agora ben, á parte da achega fundamental do Plan Labora, aplicáronse outras fórmulas, como pode verse no cadro seguinte:

TÉCNICOS DE CAMPO	CONCELLOS	Nº DE TÉCNICOS
PROXECTO TOPONIMIA	16	13
PLAN LABORA	81	113
COLABORADORES VOLUNTARIOS	6	6
OUTROS	10	8
TOTAL	113	140

Puntualmente, hai persoas que voluntariamente se ofrecen para recoller a toponimia da súa parroquia ou dalgunha zona do concello, o que, loxicamente, merece un recoñecemento expreso. Isto sucedeu en concellos como Begonte, Cangas ou Ribeira.

Na epígrafe de outros están aquelas persoas que os concellos con orzamentos propios contrataron para a recolleita de toponimia no seu territorio. Na maioría dos casos trátase de prórrogas dos contratos do Plan Labora para rematar os traballos iniciados (Oza dos Ríos, Oia e Teo, por exemplo) (*ver figura 23*).

Desde a dirección do proxecto tamén se buscan outro tipo de recursos co obxectivo de aumentar a presenza do proxecto en zonas onde non foi posible ou suficiente a achega dos concellos. Cómpre destacar, neste ámbito, iniciativas como o COAST ATLANTIC, que posibilitou conseguir recursos económicos para intervencións nas mariñas lucenses.

Ao obxectivo de incrementar os recursos económicos se dirixen outras propostas xa formuladas a distintos departamentos da Xunta de Galicia con competencias na ordenación do territorio e na xestión cultural.

NÚMERO DE TÉCNICOS DO PLAN LABORA NOS CONCELLOS							
NOME	ACTUAL	ANTES	PRÓRROGA	NOME	ACTUAL	ANTES	PRÓRROGA
ABEGONDO	2			MONDOÑEDO	1		
AMES		1		MONTERROSO		1	
ARANGA		1		MURAS		2	
BOQUEIXÓN		1		OUROL	2	1	
BRIÓN		1		PALAS DE REI	2		
CABANA DE BERG.		1		PÁRAMO (O)	1		
CABANAS		1		PASTORIZA (A)		1	
CAMBRE	1			PONTENOVA (A)		1	
CARNOTA	1			RIBADEO	1		
CERDIDO	1			RIOTORTO	1		
COIRÓS	1			TABOADA		1	
CORISTANCO	1			TRABADA	1		
FERROL	2			VALADOURO (O)		2	
LARACHA (A)	2		1	VICEDO (O)	1		
LOUSAME	4			VILALBA	1	1	
MAÑÓN	1			VIVEIRO		2	
MONFERO		2		BURELA		1	
MUROS		1	1	BANDE		1	
OZA DOS RÍOS		2	1	BOLA (A)	1		
PADERNE	1			GOMESENDE		1	
PONTECESO			1	MANZANEDA	1		
PORTO DO SON	2			MERCA (A)	1	1	
SOBRADO	1			MONTEDERRAMO	1		
TEO		1	1	OÍMBRA	1		
VAL DO DUBRA		2		PARADA DE SIL	1		
VEDRA		1		POBRA DE TRIVES (A)	1		
VIMIANZO	1	2		RAIRIZ DE VEIGA	1		
CARIÑO	1			SAN AMARO	2		
ABADÍN	1			TEIXEIRA (A)	1		
ALFOZ		1		CALDAS DE REIS		1	
BARREIROS		1		CAMBADOS		4	
BECERREÁ		1		GROVE (O)		1	
CARBALLEDO		1		GUARDA (A)		1	
CASTRO DE REI		2		LALÍN		1	
CERVO	1			LAMA (A)		1	
COSPEITO		2		MOAÑA		1	
CHANTADA		2		OIA		2	1
FOZ	1	2		RIBADUMIA		1	
XERMADE	2			ROSAL (O)		2	
XOVE	1			TOMIÑO		2	
LOURENZÁ		1		TOTAL	50	63	6

Figura 22. Número de técnicos de campo implicados no proxecto aproveitando o Plan Labora.

MAPA DE RECURSOS HUMANOS. TÉCNICOS DE CAMPO




Figura 23. Mapa de recursos humanos. Fonte SITGA.

3.3. FASE C. NORMATIVIZACIÓN POR PARTE DA COMISIÓN DE TOPONIMIA

Os traballos da Ponencia de Estudos da Comisión de Toponimia céntranse nos concellos rematados, un total de quince na actualidade. Ao ritmo actual, as previsións apuntan a unha revisión duns trinta concellos dentro do ano 2005.

Dentro deste ano, os traballos da Comisión están sendo apoiados por catro filólogas contratadas con cargo ao Plan Labora, dúas por parte da S.A. de Desenvolvemento Comarcal e outras dúas por parte da Real Academia Galega, a través da súa Sección de Onomástica, que se suma deste xeito aos obxectivos do proxecto. Esta colaboración tenderá a incrementarse no futuro.

3.4. FASE D. INTRODUCCIÓN DA TOPONIMIA NA CARTOGRAFÍA E EXPOSICIÓN PÚBLICA

O proceso de dixitalización comporta a elaboración da ortofoto do territorio municipal coa información

toponímica recollida. Dentro deste ano está prevista a dixitalización de 25 concellos.

Por outra parte, iniciouse a preparación de exposicións ao público nos concellos de Vigo, Catoira, Arteixo, Lourenzá, Cospeito, O Grove, Cambados e Ribadumia, entre outros (*ver figura 24*).

CONCELLOS EN PROCESO DE DIXITALIZACIÓN

CONCELLO	PROCESO	EXPOSICIÓN PÚBLICA
ARANGA	Iniciado	Pendente
ARTEIXO	Rematado	Pendente
BOQUEIXÓN	Iniciado	Pendente
BURELA	Iniciado	Pendente
CAMBADOS	Iniciado	Pendente
CATOIRA	Rematada	Pendente
COSPEITO	Rematado	Pendente
FENE	Iniciado	Pendente
GROVE (O)	Iniciada	Pendente
LOURENZÁ	Rematado	Pendente
MOAÑA	Iniciada	Pendente
PONTECESURES	Rematada	Pendente
RIÓS	Rematado	Pendente
VIGO	Rematado	Realizada
VIVEIRO	Iniciado	Pendente

CADRO RESUMO DOS DISTINTOS PROCESOS RELATIVOS ÁS DIFERENTES FASES DO PROXECTO

FASES	CONTIDOS	TOTAL
A	DIFUSIÓN E DIVULGACIÓN EN CONCELLOS	315
	PRESENTACIÓN EN COMARCAS	33
	PRESENTACIÓN EN CONCELLOS	151
B	CONCELLOS INICIADOS	113
	CONCELLOS REMATADOS	31
	EXPOSICIÓN PÚBLICAS PREVISTAS 2005	15
	CONVENIOS ASINADOS CON CONCELLOS	42
	CONVENIOS QUE SE PREVÉ ASINAR EN 2005	55
	CONCELLOS CON PERSOAL TÉCNICO DO PLAN LABORA	79
	NÚMERO DE TÉCNICOS PROCEDENTES DO PLAN LABORA TRABALLANDO ACTUALMENTE	46
	TOTAL DE TÉCNICOS DE CAMPO QUE PARTICIPARON NO PERÍODO 2000-2005	138
C	Nº CONCELLOS REVISADOS POLA COMISIÓN DE TOPONIMIA	15
D	CONCELLOS CON TOPONIMIA DIXITALIZADA NA CARTOGRAFÍA (SITGA)	10
	CONCELLOS PREVISTOS PARA A DIXITALIZACIÓN PARA O ANO 2005	15

MAPA DAS FASES DO PROXECTO NOS CONCELLOS




Figura 24. Mapa das distintas fases realizadas do proxecto. Marzo 2005. Fonte SITGA.

4. INICIATIVAS DO PROXECTO TOPONIMIA DE GALICIA

Cun maior ou menor grao de desenvolvemento son varias as iniciativas que teñen xurdido e xurdirán, sen dúbida, no futuro, desde ámbitos diversos, en relación co proxecto. Algunhas teñen que ver coa implicación de órganos e institucións mentres que outras están relacionadas coa súa aplicación ao ensino e á difusión cultural. Enumeramos algunhas:

- Implicación de distintos departamentos da Xunta de Galicia

Ademais da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, que promove o proxecto e o financia na súa maior parte, da S.A. para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia, que contribúe tecnicamente á súa execución, e da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que achega parte do financiamento, outras consellerías poden obter beneficios directos do proxecto e, por tanto, contribuír no futuro ao seu financiamento.

Serían, por unha banda, os departamentos que manexan información orientada á planificación territorial (Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda; Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural; Medio Ambiente;

Innovación, Industria e Comercio, e Pesca e Asuntos Marítimos) e, por outra, os máis directamente implicados na defensa e promoción do patrimonio lingüístico e cultural (Educación e Ordenación Universitaria; Cultura, Comunicación Social e Turismo).

A sinatura dun convenio marco para fixar a colaboración de todas elas é un dos obxectivos no curto prazo.

- Colaboración de institucións lingüísticas e culturais

Sen dúbida, os obxectivos do proxecto son coincidentes cos de institucións como a Real Academia Galega, onde está constituída a Sección de Onomástica, e outras. Neste senso, xa están iniciadas fórmulas de colaboración con esta institución, que se incrementará coa sinatura do correspondente convenio.


- Iniciativas vinculadas a proxectos europeos.

Ademais do Coast Atlantic, xa citado, outros proxectos financiados pola Unión Europea poden dar cabida a iniciativas vinculadas co proxecto, tanto no eido do desenvolvemento local como no de fomento da protección do patrimonio cultural.

■ Iniciativas no eido educativo.

No ano 2003 elaborouse a guía didáctica *Toponimia na escola*, da autoría da profesora Xulia Marqués, que se serviu en boa medida dos métodos de traballo do proxecto.

Responsables do proxecto colaboraron tamén na experiencia educativa do instituto Félix Muriel de Rianxo, que durante varios cursos promoveu actividades arredor da toponimia, entre elas, a edición dun calendario escolar coa toponimia como referencia.



Iniciativas coma estas proban a idoneidade de utilizar a toponimia como soporte para o coñecemento da historia, da lingua e do medio, polo que, a medida que os resultados do proxecto sexan máis tanxibles, poderán ser utilizados na escola.

■ Fomento da participación de asociacións e movementos veciñais e culturais


Como xa se explicou ao describir o proceso de traballo de campo, a colaboración de asociacións de veciños e culturais é básica para lograr contactar cos mellores informantes. Ademais, na fase final do traballo, resulta imprescindible contrastar os datos obtidos e xa dixitalizados para lograr a maior fiabilidade. Neste sentido, está prevista a exposición dos traballos de forma sistemática en todas as sedes parroquiais posibles. Isto incrementará a sensibilidade da poboación pola recuperación do patrimonio topónimoico, á vez que contribuirá a garantir unha información de calidade.

■ Iniciativas para a difusión do proxecto.

Está prevista a edición dunha serie *Toponimia de Galicia*, por concellos ou comarcas, con distintos aspectos da toponimia.

Como elemento básico para a difusión dos datos e posta á disposición da sociedade, está en fase de deseño unha páxina web onde se manterá información actualizada cos resultados do proxecto.

Finalmente, os responsables do proxecto entendemos que a futura Cidade da Cultura podería acoller algunha sección dedicada á toponimia, como un xeito máis de pór en valor unha parte tan importante do noso patrimonio inmaterial.



www.comarcasdeg Galicia.com/toponimia

5. ANEXOS

5.1 ANEXO I. MODELO DE CONVENIO COS CONCELLOS

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A SOCIEDADE PARA O DESENVOLVEMENTO COMARCAL DE GALICIA E O CONCELLO DE *****

Santiago de Compostela, ** de **** de 200*

REUNIDOS:

Por unha parte, D. ----- con DNI -----, Alcalde-Presidente do Concello de -----, con CIF -----.

Pola outra, D. José Jesús Cudeiro Mazaira, Conselleiro Delegado da Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia, con CIF A-15464530, constituída en escritura pública outorgada o 14 de abril de 1994, perante o notario de Santiago de Compostela D. Manuel Perejil Cambón, co número 484 do seu protocolo, e inscrita no Rexistro Mercantil da Coruña, no tomo 1489, folia C-11451, folio 74, e actuando no nome e representación da mesma, en virtude das facultades delegadas conferidas na reunión do seu Consello de Administración do 27 de febreiro de 2003.

Recoñécense ambos os dous comparecentes, no carácter co que actúan, capacidade suficiente para subscribiren o presente acordo, deixando aquí obrigadas ás entidades que respectivamente representan.

EXPOÑEN:

I.- A Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia é unha sociedade mercantil, que ten por finalidade, entre outras, a prestación e realización de informes e estudos de carácter físico e ambiental que proporciona información aplicada á ordenación do territorio e á xestión de recursos ambientais, no seu obxecto social. Para tal cometido, creou e xestiona o Sistema de Información Territorial (SITGA), o que permite levar a cabo o cometido deste convenio dentro do rigor da especialización e capacitación.

II.- O Concello de ----- pretende realizar un inventario de toda a microtoponimia existente dentro do seu territorio.

III.- Os principios xerais de eficacia e colaboración administrativa animan á colaboración entre os distintos entes públicos no ámbito das súas respectivas competencias.

IV.- A Xunta de Galicia, mediante acordo do seu Consello de data 27/03/1991, DOGA número 82, do 30 de abril de 1991, rexeu os convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

V.- No presente convenio establécense as condicións polas que se rexerá a cooperación entre o Concello de ----- e a Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia.

Polo exposto, acordan asinar este CONVENIO DE COOPERACIÓN para realizar un inventario da microtoponimia

existente nas parroquias que forman parte deste concello, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- OBXECTO

Este convenio ten como obxecto realizar traballos relacionados coa información do territorio, circunscritos á área comprendida no territorio do término municipal de -----, dirixidos á elaboración dunha base toponímica de Galicia, cunha dobre finalidade:

- a) Axudar á recuperación e conservación do patrimonio toponímico.
- b) Contribuír á actualización e mellora das bases cartográficas existentes, tanto en cantidade coma en calidade, aproveitando o asesoramento da Comisión de Toponimia e os medios técnicos existentes no SITGA.

SEGUNDA.- OBRIGAS DA SOCIEDADE PARA O DESENVOLVEMENTO COMARCAL DE GALICIA

A S.A. para o Desenvolvemento Comarcal, a través do SITGA (Sistema de Información Territorial de Galicia)

- Participará nos estudos previos e de sistematización dos traballos.
- Facilitará tanto os medios técnicos coma os materiais cartográficos de apoio necesarios para a recollida de datos no campo.
- Facilitará a fotografía aérea como documento cartográfico para a localización e introdución de información toponímica.
- Supervisará os traballos de campo de recolleita de toponimia, revisión da información toponímica na cartografía e formación dunha base de datos coa información toponímica recolleita.
- Xestionará a base de datos resultante do traballo de investigación, para a súa incorporación á base que o Proxecto Toponimia de Galicia está a desenvolver.
- Introducirá mediante dixitalización a información toponímica correspondente ao territorio municipal na ortofoto para a súa posterior utilización como base cartográfica.
- Cederalle ao concello todos os datos recollidos no traballo de investigación no seu ámbito territorial, no momento de remate destes para o uso que estime oportuno.
- Entregara en formato dixital a información toponímica da base cartográfica utilizada polo concello, corrixida e normalizada, baixo os criterios da Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia.

TERCEIRA.- OBRIGAS DO CONCELLO DE -----

O Concello de -----a través dos seus responsables:

- Encargarase de aportar os recursos humanos necesarios para o desenvolvemento dos traballos.
- Facilitará e apoiará os traballos de campo cos medios dos que dispoña.
- Achegará todas as fontes de documentación e datos necesarios para realizar os traballos de recolleita de toponimia.
- Procederá á selección de persoal coa supervisión e aprobación polo responsable do Proxecto Toponimia de Galicia.

CUARTA.- COORDINACIÓN

Os asinantes do Convenio de Colaboración acordarán encomendar a execución das tarefas de coordinación do traballo aos responsables do Proxecto Toponimia de Galicia.

QUINTA.- SEGUIMENTO DO CONVENIO

As partes acordarán constituír unha comisión de seguimento da realización da acción, integrada por un representante de cada unha das partes asinantes. A comisión realizará o seguimento e avaliación das tarefas que se inclúen no presente convenio de cooperación. Reunirse sempre que algunha das partes o solicite e, cando menos, dúas veces ao longo do convenio.

SEXTA.- ALMACENAMENTO E PUBLICACIÓN DE DATOS

A base de datos resultante da investigación incorporárase á base do Proxecto Toponimia de Galicia, propiedade da Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública.

Sen prexuízo do anterior, a utilización e publicación desta información toponímica na cartografía será competencia da S.A. para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia.

As publicacións que se realicen con esta información levarán o emblema ou logotipo de todas as partes asinantes, sen ningunha exclusión.

SÉTIMA.- RÉXIME ECONÓMICO DA COLABORACIÓN

Establécese que o Concello se fará cargo unicamente dos custos derivados das necesidades xeradas polos traballos propios do persoal encargado da recolleita de toponimia e a súa introdución na base de datos.

A S.A. para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia encargárase dos materiais necesarios para realizar a recolleita de toponimia no campo, así coma do persoal técnico necesario para asesoramento e para acometer os procesos de formación de bases de datos toponímicas e dixitalización desta información, para a súa introdución na cartografía e posterior utilización.

OITAVA.- SELECCIÓN DE PERSOAL

O Concello encargárase de se dotar dos medios humanos necesarios para o desenvolvemento dos traballos.

NOVENA.- VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio estará en vigor por un período dun ano, contado a partir da data da sinatura do presente documento. Se finalizado o devandito período non mediara denuncia por algunha das partes nun prazo dun mes anterior ao seu remate, poderá prorrogarse ata a finalización dos traballos.

DÉCIMA.- NATUREZA E INTERPRETACIÓN DO CONVENIO

O presente convenio terá carácter administrativo e correspóndelle á Comisión de Seguimento a súa interpretación, así coma á

xurisdición contencioso-administrativa, a resolución das controversias que tivesen lugar.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan o presente convenio por duplicado exemplar e para un só efecto, no lugar e na data indicados na cabeceira.

O CONSELLEIRO DELEGADO
DESENVOLVEMENTO
COMARCAL DE GALICIA

O ALCALDE-PRESIDENTE

5.2 ANEXO II. DOCUMENTO SOBRE A IMPLICACIÓN DOS CONCELLOS

A Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, en colaboración coa S. A. para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia e coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, puxo en marcha, no ano 2000, o **Proxecto Toponimia de Galicia**.

O Proxecto Toponimia de Galicia ten por obxecto recoller os milleiros de topónimos (nomes de ríos, montes e outeiros, agras e prados, lugares e aldeas....) que identifican cada anaco do noso territorio para formar un **gran banco de datos con toda a toponimia de Galicia**, un patrimonio lingüístico e cultural dunha gran riqueza que corre o risco de perderse na súa maior parte e deixar no esquecemento unha das máximas expresións da relación do home co seu medio xeográfico ao longo da historia.

O CONCELLO COMO UNIDADE OPERATIVA E ACTIVA

O termo municipal constitúe a base territorial para a recolleita da toponimia.

No ámbito do concello son varios os departamentos en relación directa cos fins deste proxecto:

- Departamento de urbanismo, tanto pola utilización de cartografía como pola necesidade puntual de coñecemento do territorio.
- Departamento de estatística, pola súa actividade de rexistro censual e revisión permanente do nomenclátor de entidades de poboación.
- Departamento de educación e cultura, polas actividades de dinamización, sensibilización e respecto do patrimonio cultural e lingüístico.
- Departamento de normalización lingüística.

O Proxecto Toponimia de Galicia contribuirá a:

- Crear un banco de datos de toponimia do concello.
- Actualizar e revisar a **cartografía** existente.

- Introducir as **novas tecnoloxías** (GIS e ortofo-to) para apoiar a xestión do territorio.
- Ampliar a información da páxina web.
- Incrementar os materiais didácticos nas escolas.

Todo isto farase posible co apoio operativo que o SITGA, área de cartografía da S.A. para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia, achega ao proxecto. Preténdese que **toda a información toponímica poida ser utilizada directamente polo concello** nos distintos ámbitos da súa actividade, mediante a realización de aplicacións axeitadas ás súas propias necesidades.

a) Formación dun banco de datos de toponimia para o concello

A Comisión de Toponimia revisará e fixará a toponimia de xeito que os nomes que identifican e individualizan o territorio teñan unha forma normalizada.

Esta base será unha referencia para todo tipo de administracións e profesionais (rexistros públicos, notarios, catastro, Instituto Nacional de Estatística, patrimonio, etc.) que disporán dunha **toponimia normalizada e a súa referenciación xeográfica**.

O concello **disporá dun banco de datos toponímico** coas seguintes aplicacións:

- **Apoio aos labores administrativos** e mellora da calidade da súa relación cos seus administrados (inventario e localización de propiedades, corrección do catastro, etc.)
- **Normalización de toda a toponimia** coa súa grafía correcta. Facilita a axeitada rotulación de vías e entidades de poboación.
- **Manexo da información toponímica** mediante un sistema de información xeográfica. Permitirá aos xestores da planificación do territorio ter

unha base cartográfica con toda a información toponímica e os elementos do patrimonio.

- A posibilidade de realizar consultas determinadas para a **localización xeográfica de cada topónimo**, a través das súas coordenadas xeográficas. Facilitaría os traballos dos servizos de urxencias e de loita contra incendios.

- Elaboración de diversos **estudos de investigación**, lingüísticos, históricos ou doutros eidos, partindo da toponimia.

- Introducción na **páxina web do concello** como servizo de consulta ao público.

- Utilización nos **centros escolares** como material didáctico para o coñecemento do propio territorio.

b) Cartografía: ortofoto dixital do concello

Os topónimos serán localizados e identificados sobre a fotografía aérea. Posteriormente, referenciaranse xeograficamente para utilizar na cartografía. Deste xeito, conseguiremos un documento cartográfico coa información toponímica posta ao día, de fácil visualización e interpretación para calquera tipo de usuario.

O concello poderá dispor dunha información do seu territorio en formato dixital que lle facilitará os traballos de planificación e xestión do territorio. Ao mesmo tempo acadamos un documento histórico onde todos os topónimos do concello quedan rexistrados e localizados xeograficamente para o futuro.

O Proxecto Toponimia de Galicia suporá a introdución de melloras na información da distinta documentación cartográfica que emprega o concello, así como achegar novas aplicacións tecnolóxicas neste eido. Podemos concretar as melloras en documentos como:

Catastro

Resolvería moitas das deficiencias que presenta a documentación catastral con todos os problemas

que implica para o administrado. A localización das propiedades sería máis fácil ao contar con toda a toponimia situada xeograficamente e coa súa grafía correcta nunha fotografía aérea e nunha base de datos con coordenadas xeográficas.

Planos de concentración parcelaria

Revisaríase a súa toponimia e corríxiríase. Ademais, recuperaríanse aqueles nomes que quedaron tapados e esquecidos nos procesos de concentración.

Planos escala 1:5.000 e 1:2.000

Actualizaríase a información desta cartografía e melloraríase. Poderase introducir máis información de referencia, pois na actualidade é bastante escasa e contén erros de localización.

Cartografía para uso propio dos concellos

Cada concello disporía dunha cartografía actualizada ao momento con todos os seus recursos económicos, culturais e turísticos perfectamente sinalizados e situados.

Arquivo de ortofotomapa do territorio do concello

Todos os topónimos serían identificados no ortofotomapa a escala 1:5.000. Este tipo de cartografía supón un adianto significativo na xestión da información do territorio.

c) Aplicación en ámbitos educativos e culturais

Neste ámbito, os resultados do proxecto poden servir a distintas finalidades:

- **Centros de ensino.** Actividades nos centros escolares de sensibilización e coñecemento da riqueza do noso patrimonio lingüístico.
- **Terceira idade.** Actividades nos centros da terceira idade como recoñecemento do valioso da súa experiencia de relación activa co territorio onde viven.

- **Turismo.** Aplicación no ámbito turístico para a rotulacións de rutas de sendeirismo e áreas de interese pola riqueza do seu patrimonio.

- **Patrimonio cultural.** Localización sobre fotografía aérea do patrimonio histórico-cultural do concello.

- **Difusión.** Publicación de estudos históricos tomando a toponimia como unha fonte de investigación.

- **Exposicións** fotográficas e cartográficas sobre a riqueza do patrimonio lingüístico e antropológico da zona.

d) Financiamento do proxecto

O financiamento do proxecto implica a participación de distintas entidades como:

- A Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública
- A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
- A S.A. para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia
- O concello

A participación financeira do concello pódese concretar en:

- Financiamento parcial dos traballos de campo necesarios para a recollida da toponimia. Orzamento propio.
- Financiamento indirecto a través de axudas requiridas para este proxecto.
- Financiamento dos técnicos de campo necesarios para o traballo a través dos programas de fomento de emprego mediante o PLAN LABORA da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relación Laborais

- Financiamento a través de achegas da Deputación para actualización de cartografía e conservación do patrimonio.

- Financiamento da Consellería de Cultura para a conservación do patrimonio cultural.

O Proxecto Toponimia de Galicia pon á disposición dos concellos:

- **Material:** todo o necesario para realizar a recolleita (fotografías aéreas, cartografía...)

- **Metodoloxía de traballo:** asesoramento e apoio de persoal especializado para a aplicación da metodoloxía necesaria.

- **Aplicación informática:** formación dunha base de datos toponímica para servizo e axuda nas tarefas propias do concello.

e) Persoal para os traballos de campo

Perfil ideal:

- Licenciado/a ou diplomado/a en filoloxía galega; licenciado/a ou diplomado/a en carreiras de humanidades; licenciado/a ou diplomado/a en carreiras técnicas relacionadas co estudo do territorio; outro persoal con capacidade suficiente para abordar traballos deste tipo, independentemente da súa formación específica.

- Coñecedor/a do concello

- Persoa con don de xentes (para realizar entrevistas e promover actividades en distintos eidos como centros escolares, asociación culturais, etc...).

En calquera caso, o persoal será previamente formado na metodoloxía e obxectivos do proxecto.